



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

XI lexislatura  
Número 75  
13 de xaneiro de 2021



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia

[25523](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

#### Consello de Contas. Informe de fiscalización das eleccións

#### Admisión a trámite

##### I 7191 (11/IFIS-000001)

Consello de Contas

Informe definitivo de fiscalización das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020

[25560](#)

#### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

#### Admisión da retirada

##### I 1123 (11/POP-000069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados do desenvolvemento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia tras o remate da súa vixencia

[25557](#)

##### I 2510 (11/POP-000301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a emisión polo Goberno galego dalgún tipo de pauta, recomendación ou directriz respecto da organización dos espazos específicos onde se imparten as ensinanzas de formación profesional para a súa conversión en talleres seguros

[25558](#)

##### I 3100 (11/POP-000375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do programa Educa en Dixital

[25558](#)



**I 3345 (11/POP-000409)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de revisar os protocolos educativos en materia de acoso escolar e ciberacoso, de igualdade, non-discriminación e liberdade de identidade de xénero, así como de risco suicida

[25558](#)**I 3800 (11/POP-000477)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a contía destinada polo Goberno galego exclusivamente a gastos educativos da totalidade dos 92.987.530 euros recibidos do Goberno central e correspondentes á distribución do Fondo Covid-19

[25558](#)**1.4.4.2. Preguntas orais en comisión****Admisión da retirada****I 1125 (11/POC-000170)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre os resultados da avaliación dos indicadores reflectidos no plan de seguimento e sistema de avaliación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, o prazo previsto para a publicación dos resultados da avaliación correspondente ao seu remate e o investimento realizado nel

[25558](#)**I 2509 (11/POC-000397)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa adaptación dos centros de formación profesional aos requirimentos hixiénico-sanitarios derivados da covid-19 e os datos ao respecto

[25559](#)**I 3098 (11/POC-000496)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre os datos referidos ao alumnado que vai ter e aos equipos novos que se van adquirir para o programa E-Dixgal no curso 2020-2021, así como a valoración que fai o Goberno galego do programa Educa en Dixital

[25559](#)**I 3344 (11/POC-000542)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de revisar os protocolos educativos en materia de acoso escolar e ciberacoso, de igualdade, non-discriminación e liberdade de identidade de xénero, así como de risco suicida, e de implantar programas de sensibilización ao respecto

[25559](#)

**I 3799 (11/POC-000617)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre a contía destinada polo Goberno galego exclusivamente a gastos educativos da totalidade dos 92.987.530 euros recibidos do Goberno central e correspondentes á distribución do Fondo Covid-19, así como os datos referidos ao seu investimento [25559](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

### **Informe da Ponencia sobre o proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia**

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do Informe da Ponencia sobre o proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **Informe da Ponencia sobre o proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia**

A Ponencia designada pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, para emitir informe sobre o proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia, nas reunións e cos acordos que a seguir se indican, á vista do texto do proxecto e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate ante o dito órgano, este informe.

#### 1. Antecedentes

1.1. O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 1 de outubro de 2020, co número de rexistro 2795.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 5 de outubro de 2020, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 26, do 6 de outubro de 2020), e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 24 de outubro e 10 de novembro de 2020 para as emendas á totalidade e ao articulado, respectivamente.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 4ª, Educación e Cultura.

1.3. As emendas á totalidade e as emendas ao articulado presentadas —que foron cualificadas, respectivamente, pola Mesa da Comisión nas sesións dos días 30 de outubro e 17 de novembro de 2020 e publicadas nos BOPG núm. 39 e 49, do 2 e 19 de novembro— foron:

— Dúas emendas á totalidade de devolución: unha do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4156) e outra do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4161).



— Noventa ao articulado: 31 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 5095); e 59 do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 5097).

1.4. Na sesión plenaria do día 9 de decembro de 2020 rexeitáronse as citadas emendas á totalidade.

## 2. *Constitución, composición e reunións da Ponencia*

### 2.1. Constitución e composición da Ponencia

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na sesión do día 18 de decembro de 2020, designou os seguintes ponentes:

- Do G. P. Popular de Galicia (P): José Luis Ferro Iglesias (titular) e Ovidio Rodeiro Tato (suplente).
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG): Mercedes Queixas Zas (titular) e Antonio Lourenzo Sobral (suplente).
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (S): Susana Díaz Varela (titular) e Luis Manuel Álvarez Martínez (suplente).

### 2. 2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 22 de decembro de 2020, coa presidencia do Sr. Fernández Prado, presidente da Comisión 4ª, Educación e Cultura, e coa asistencia do ponente e das ponentes titulares: Sr. Ferro Iglesias, Sra. Queixas Zas e Sra. Díaz Varela. Nesta sesión fixaron o calendario inicial de traballo.

Na seguinte reunión, o día 29 de decembro de 2020, coa asistencia do ponente e das ponentes titulares, Sr. Ferro Iglesias, Sra. Queixas Zas e Sra. Díaz Varela, analizaron o texto articulado obxecto deste proxecto de lei e as emendas formuladas. Igualmente, formalizaron propostas de aceptación de emendas ou rexeitamento, deixando pendente para un estudo definitivo determinadas emendas ou propostas de transacción.

Na reunión do día 7 de xaneiro de 2021, coa asistencia do ponente e das ponentes titulares, estudaron as transaccións propostas e as emendas deixadas pendentes en anteriores reunións, na procura de achegar as distintas posicións, e concluíron o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia.

## 3. *Elaboración do informe*

Como resumo sucinto do seu labor, a Ponencia formúlalle á Comisión as seguintes recomendacións:

3.1. A aceptación das seguintes emendas ou transaccións elaboradas verbo delas, nos termos que constan no texto articulado deste informe:



### 3.1.1. A aceptación das transaccións que a seguir se relacionan:

- No artigo 13, a transacción coa emenda núm. 38 do G. P. dos Socialistas de Galicia.
- No artigo 18, a transacción coa emenda núm. 23 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.
- No artigo 31, a transacción coa emenda núm. 49 do G. P. dos Socialistas de Galicia.
- E transacción coa emenda 30 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego pola que se engade a disposición adicional cuarta *bis*.

### 3.1.2. A Ponencia propón a aceptación das emendas que a seguir se detallan:

- G. P. dos Socialistas de Galicia: 12, 13, 20, 25, 31, 43, 50, 54 e 57.
- Emenda técnica á exposición de motivos derivada da proposta de aceptación e transacción das emendas 57 do G. P. dos Socialistas de Galicia e 30 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, respectivamente.

3.1.3. A Ponencia recomenda o rexeitamento das restantes emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

## 4. *Texto articulado do Informe da Ponencia sobre o proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia*

### Exposición de motivos

#### I

O acceso á cultura é un dereito de todas as persoas. Xa en 1948 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas estableceu na súa Declaración Universal de Dereitos Humanos que toda persoa ten dereito a satisfacer os seus dereitos culturais, así como a participar libremente na vida cultural da comunidade e a gozar das artes.

Son numerosos os instrumentos internacionais que teñen incidencia directa na regulación do ámbito cultural e museístico, alén da citada Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948. De forma singular, a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (Unesco) elaborou ao longo da súa historia numerosos instrumentos relativos a esta materia, entre os que poden destacarse a Recomendación sobre os medios máis eficaces para facer os museos máis accesibles a todos, do 14 de decembro de 1960; a Recomendación sobre a protección dos bens culturais mobles, do 28 de novembro de 1978; ou a máis recente e inspiradora Recomendación do 17 de novembro de 2015, relativa á protección e promoción dos museos e coleccións, a súa diversidade e a súa función na sociedade, que actualiza o papel destas institucións no mundo contemporáneo.



No ámbito nacional, a Constitución española impón aos poderes públicos unha serie de obrigas en relación co acceso á cultura.

Así, no seu artigo 9.2 sinala: «Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social».

No artigo 44.1 establece que «os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito».

Finalmente, no artigo 46, a Constitución española sinala que os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. A lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio.

A Constitución española tece unha distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas segundo a cal o Estado asume a competencia exclusiva en materia de museos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das comunidades autónomas (artigo 149.1.28º), ao tempo que lles permite ás comunidades autónomas asumiren competencias en materia de museos e patrimonio monumental do seu interese e en materia de fomento da cultura (artigo 148.1.15º, 16º e 17º).

Consonte este marco constitucional, o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia dispón que os poderes públicos de Galicia facilitarán a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

De acordo co artigo 27.18 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, de interese de Galicia, sen prexuízo do que dispón o artigo 149.1.28 da Constitución; en arquivos, bibliotecas e museos de interese para a comunidade autónoma e que non sexan de titularidade estatal; en conservatorios de música e en servizos de belas artes de interese para a comunidade.

De acordo co artigo 27.19 do Estatuto de autonomía de Galicia, «a Comunidade Autónoma galega ten competencia exclusiva en materia de fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución».

Conforme a cláusula de supletoriedade prevista na Constitución española, a única norma con rango legal que se aplicou en Galicia ata 1995 en materia de museos foi a Lei 16/1985, do 16 de xullo, do patrimonio histórico-artístico.

Aínda que o Decreto 314/1986, do 16 de outubro, de regulación do sistema público de museos da Comunidade Autónoma, introduce a primeira regulación galega en materia de museos, non será ata a aprobación da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, cando se estableza a primeira regulación legal dos museos na nosa Comunidade Autónoma a través do seu





título V. Neste título defínense as trabes esenciais dun sistema de museos de Galicia e introdúcese unha regulación da definición, as funcións e o réxime xurídico dos museos e das coleccións visitables.

A lei non tivo o necesario desenvolvemento regulamentario e permaneceu en vigor o Decreto 314/1986, do 16 de outubro.

Coa aprobación e entrada en vigor da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, deixouse atrás esa primeira regulación legal introducida a través do texto de 1995 e avanzouse na necesidade, desde unha perspectiva legal, de protexer o patrimonio cultural de Galicia. A nova regulación tivo en conta os beneficios que, xerados pola normativa anterior, se consolidan nesa nova norma, o que supuxo un paso adiante no nivel de protección e regulación, en sintonía co contexto do momento e coas exixencias derivadas non só da realidade patrimonial sobre a que actuar, senón tamén da actividade e xestión administrativa.

O título VIII da citada Lei 5/2016, do 4 de maio, define e regula os museos, así como as denominadas coleccións visitables. Pon, asemade, as bases do que concibe como Rede e Sistema Galego de Museos, para integrar todos aqueles museos e coleccións visitables que se encontren no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Con todo, a ausencia dunha normativa propia e específica que tivese en conta as diversas tipoloxías de centros, así como outros aspectos relativos á súa creación, supresión, estrutura, xestión ou funcionamento en xeral, estaba a impedir o desenvolvemento do sector.

A experiencia acumulada, xunto coas novas demandas do sector e tamén da cidadanía, aconsellan unha norma, propia e específica, que ofrezca unha regulación global e máis detallada, na que teñan cabemento non só os museos e as coleccións, senón todas as manifestacións de natureza museística que foron xurdindo e que, sendo unha realidade, se encontran nun baleiro normativo que convén paliar.

## II

Superada xa a concepción tradicional dos museos como institucións de depósito e exhibición pasiva do patrimonio cultural, o seu papel vai hoxe máis aló da mera conservación e exposición deste patrimonio nas súas diversas manifestacións. Tal é o espírito que preside os máis recentes textos normativos, nacionais e internacionais, entre os que se encontra a Recomendación da Unesco, do 17 de novembro de 2015, relativa á protección e promoción dos museos e coleccións, a súa diversidade e a súa función na sociedade.

Alén da función conservadora, de recuperación ou de exhibición dunha parte fundamental do noso patrimonio cultural, é preciso reforzar o papel científico e divulgador das institucións museísticas, intrinsecamente asociado á educación da sociedade, na idea de que, tal como se recolle na Constitución española cando recoñece o dereito de todos ao acceso á cultura, este acceso posibilite chegar ao coñecemento da nosa propia identidade, nun momento, como o actual, en que a diversidade cultural marca este século e exige unha protección adecuada. Desde este punto de vista, os centros museísticos realizan unha función educativa, investigadora e comunicativa ao propiciaren un coñecemento que, vinculado aos fondos e coleccións que aglutinan, así como ao



territorio e aos problemas socioculturais galegos, nos axuda a entender mellor determinadas cuestións na nosa realidade social.

En coherencia coa dimensión investigadora e educativa, tamén resulta preciso reforzar o innegable carácter social dos centros museísticos, ligado á concepción de servizos públicos de estudo, participación e interacción culturais, nas súas diversas formas de expresión. Trátase de espazos de recoñecemento da identidade galega e interacción con outras identidades; espazos transformadores, educativos e abertos á cooperación entre a actividade cultural pública e a privada, entre os actores públicos e os individuos, asociacións, fundacións sen ánimo de lucro e mesmo empresas privadas que optan pola creación de museos propios ou polo mecenado de museos públicos como forma de contribuír, desde a responsabilidade social, ao interese xeral que representa o enriquecemento da cultura dun pobo como o galego.

En definitiva, trátase de espazos que facilitan a cohesión social e o debate público sobre a diversidade, a semellanza, a diferenza e a desigualdade sociocultural. De aí que deban ser presentados ante a cidadanía como espazos accesibles a todas as persoas, especialmente a aqueles colectivos máis desfavorecidos ou con máis dificultades de inclusión social; espazos que permitan o acceso á cultura de todas as persoas en réxime de igualdade e non-discriminación; espazos que fomenten a colaboración e a participación social.

### III

Este novo texto legal nace coa pretensión de ofrecer un marco xurídico no que teñan cabemento non só as distintas realidades museísticas de Galicia, senón tamén a súa innegable riqueza temática (etnográfica, arqueolóxica, sobre persoas autoras e artistas destacadas, casas museo, ecomuseos...).

A lei non só integra os museos e as coleccións museográficas, senón tamén os denominados centros de interpretación do patrimonio cultural, enchendo así un baleiro do noso ordenamento xurídico, de modo que estas tres figuras integran o concepto máis amplo de centros museísticos.

Ao mesmo tempo e en coherencia co sinalado, regúlase un sistema galego de centros museísticos. O seu obxectivo é pór as bases de coordinación precisas para mellorar a organización e o funcionamento de todos os centros que nel se integren, a partir de dinámicas de traballo comúns e orientadas á aplicación de melloras tecnolóxicas, técnicas e de xestión para todos eles.

Sen dúbida, os centros museísticos constitúen na actualidade unha importante ferramenta de promoción e desenvolvemento cultural de calquera sociedade, así como un dos vehículos máis importantes para facer efectivo o recoñecemento constitucional do acceso á cultura. Xa que logo, deben concibirse como institucións de carácter aberto, dinámicas, accesibles para todas as persoas e capaces de se adaptaren e de seguiren o ritmo que marca unha sociedade cada vez máis acompañada coas novas tecnoloxías. Trátase, en definitiva, de crear un marco normativo adecuado que finalmente nos permita amosar estas institucións como activos de referencia no plano cultural, no plano investigador e educativo e, como non, tamén no plano económico.

Para acadar estes obxectivos, a lei estrutúrase en seis títulos, cinco disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.



O título I fixa o obxecto da lei e mais o seu ámbito de aplicación e define cada unha das tres categorías de centros que por primeira vez pasan a integrar o concepto de centros museísticos na nosa comunidade autónoma: museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural. Ao mesmo tempo, delimita as funcións de cada un deles e os deberes xerais que lles corresponden. Emprégase por vez primeira no noso ordenamento xurídico o termo de colección museográfica, que, aínda que conceptualmente vén dar continuidade á denominada colección visitable, termo este empregado pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, garda maior coherencia co obxecto da súa definición, así como coa nomenclatura empregada noutros textos legais a nivel comparado.

O título II regula o Sistema galego de centros museísticos, do que poderán formar parte os centros das tres categorías definidas pola lei. Tamén se regulan os efectos e posibles beneficios derivados desta integración.

Ademais de definir e regular a estrutura do Sistema galego de centros museísticos, o título II aborda o réxime de creación dos museos, das coleccións museográficas e dos centros de interpretación do patrimonio cultural, incidindo nos requisitos que cada unha destas tres categorías precisará acreditar para poder nacer oficialmente e funcionar como centro museístico co seu correspondente acceso ao Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia.

Finalmente, o título II aborda a posibilidade de os diferentes centros do Sistema poderense agrupar, cun criterio territorial ou temático, nunha rede. Estas redes concíbense como subsistemas operativos, dentro do Sistema galego de centros museísticos, para mellorar a operatividade dos centros compartindo recursos ou accións de interese común.

O título III, baixo a epígrafe «Estrutura e funcionamento dos centros museísticos», refírese ao modelo organizativo destes centros no concernente aos recursos humanos, e fai un especial fincapé en cuestións que atinxen os centros de titularidade ou xestión autonómica.

De modo concreto e singular, incídese na organización dos museos, ao regular as súas áreas funcionais, erixíndose este como un dos aspectos que a lei emprega para diferenciar estes centros das coleccións museográficas e dos centros de interpretación do patrimonio cultural.

O título IV, «Xestión dos fondos e coleccións museísticas», estrutúrase arredor de tres aspectos moi importantes en relación cos centros museísticos. En primeiro lugar, o relativo ao concepto de colección museística, onde adquiren relevancia aspectos tales como a súa formación, os posibles movementos dos fondos, apuntalando as condicións mínimas para autorizar estes, a conservación e outras intervencións directas, tales como restauracións, toma de mostras ou accións similares, sobre as pezas museísticas. En segundo lugar, tamén se regula neste título a xestión documental e o tratamento técnico dos fondos museísticos, cun afán de acadar uniformidade na actuación dos centros sobre este aspecto. Finalmente, o terceiro aspecto que trata o título IV é o relativo á investigación, á difusión e á comunicación, onde adquire protagonismo propio o labor de investigación, ben sexa o realizado polos propios centros ou ben o que estes deben facilitar a persoas investigadoras externas, por tratarse, á fin, dun dos deberes que a lei lles impón a todos os centros museísticos.



O título V, «Medidas de dinamización», consagra o principio de colaboración no ámbito dos museos.

Por último, o título VI reúne os elementos definitorios da potestade sancionadora despregada para garantir o cumprimento das previsións contidas na lei. Así, contén o cadro de infraccións e sancións e tamén os elementos procedementais necesarios para garantir a imposición das sancións con respecto das determinacións constitucionalmente previstas.

Canto ás disposicións da parte final, conteñen previsións de distinta natureza, entre as cales destacan as destinadas a pór en orde cuestións de desenvolvemento regulamentario ou de transitoriedade, que faciliten a aplicación da lei.

O anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto*

1. Sen prexuízo do réxime de protección previsto na normativa de protección do patrimonio cultural que sexa aplicable atendendo á natureza, titularidade, tipoloxía e competencias sobre os bens, esta lei ten por obxecto a regulación dos centros museísticos de interese para Galicia e do Sistema galego de centros museísticos, presidido polos principios de coordinación, colaboración e complementariedade, cuxo fin é mellorar a organización e o funcionamento dos centros que o integran.

2. Para os efectos desta lei, constitúen centros museísticos: os museos, as coleccións museográficas e os centros de interpretación do patrimonio cultural.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Esta lei é aplicable aos centros museísticos radicados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, excepto os de titularidade e xestión estatal.

En todo caso, terase tamén en conta o disposto no artigo 4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

2. Os centros museísticos de titularidade estatal cuxa xestión estea transferida á Administración autonómica rexeranse pola normativa estatal e polo disposto nos convenios de transferencias e, dentro do necesario respecto ás competencias e á normativa estatais, polas previsións desta lei que regulan a organización interna e a ordenación funcional de tales centros museísticos.

3. Quedan sometidos a esta lei os bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que forman parte dos centros museísticos. En todo caso, esta lei non modifica a titularidade dos ditos bens,



sen prexuízo dos dereitos que lles atribúe e das obrigas que lles impón ás persoas titulares por razón de interese xeral.

4. Gozarán da protección prevista na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, todos os bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que forman parte dos centros museísticos.

### Artigo 3. *Definición e funcións dos museos*

1. Son museos as institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, que, cumprindo os requisitos que para a súa creación establece esta lei, están orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición, de forma científica, estética e didáctica, de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural, así como das prácticas, tradicións e saberes de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu ámbito natural, con fins de estudo, educación, desfrute e promoción científica e cultural.

2. Quedan sometidos ao réxime de protección establecido pola Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, para os bens declarados de interese cultural, os inmobles dedicados a museos de titularidade autonómica.

3. Son funcións dos museos as seguintes:

a) A adquisición, conservación, documentación, restauración e exhibición ordenada das súas coleccións e dos seus fondos.

b) A investigación no ámbito das súas coleccións e fondos, da súa especialidade ou do seu respectivo ámbito cultural e territorial.

c) A organización periódica de exposicións científicas e divulgativas de carácter temporal.

d) A elaboración e publicación de catálogos e monografías dos seus fondos.

e) A difusión e divulgación dos seus fondos, así como o desenvolvemento de actividades didácticas e formativas respecto aos seus contidos.

f) Salvo a existencia dunha causa xustificada que o impida, sempre na procura da protección da integridade e dos valores culturais dos bens, facilitarán a consulta áxil e continuada a persoal investigador e á cidadanía en xeral dos seus fondos, con respecto, en todo caso, ás normas e medidas de protección para a custodia, conservación e integridade destes.

g) Facilitarlle á sociedade a interpretación do patrimonio cultural.

h) Facilitar o acceso ao patrimonio cultural existente nos museos e aos seus fondos, con respecto aos principios de igualdade e non-discriminación.



i) Promover a pluralidade e a diversidade cultural, integrando perspectivas e axentes sociais diversos, buscando a formación crítica, a participación e a divulgación científica e cultural.

j) Fomentar a creación e a transmisión do patrimonio cultural inmaterial, potenciando a dimensión inmaterial das súas coleccións, en especial as etnográficas, os fondos orais e as imaxes.

k) Promover o respecto dos dereitos humanos e a igualdade de xénero.

l) Contribuír á formación de profesionais con titulacións relacionadas co ámbito museístico.

m) Calquera outra función que lles for encomendada mediante unha disposición legal ou regulamentaria.

#### Artigo 4. *Definición e funcións das coleccións museográficas*

1. Enténdese por colección museográfica o conxunto de bens patrimoniais de carácter cultural agrupados con carácter permanente e sen fins lucrativos que cumpren os requisitos que para a súa creación establece esta lei, mais non reúnen todas as características e condicións necesarias para o seu recoñecemento como museo, e cuxas persoas titulares facilitan, mediante un horario accesible e regular, a visita pública e o acceso das persoas investigadoras, gozando os seus fondos das atencións básicas que garanten a súa custodia e conservación.

2. Son funcións das coleccións museográficas:

a) A custodia e conservación dos seus fondos nas condicións apropiadas.

b) O tratamento documental adecuado dos seus fondos.

c) A exhibición ordenada das súas coleccións seguindo criterios científicos, de difusión e didácticos.

d) Facilitar o labor investigador dos seus fondos.

e) Facilitar a interpretación do patrimonio cultural á sociedade.

f) Promover a pluralidade, integrando perspectivas e axentes sociais diversos, buscando a formación crítica, a participación e a divulgación científica.

g) Fomentar a creación e a transmisión do patrimonio cultural inmaterial, potenciando a dimensión inmaterial das súas coleccións, en especial as etnográficas, os fondos orais e as imaxes.

h) Facilitar o acceso ao patrimonio cultural existente e aos seus fondos, con respecto aos principios de igualdade e non-discriminación.

i) Promover o respecto dos dereitos humanos e a igualdade de xénero.



j) Contribuír á formación de profesionais con titulacións relacionadas co ámbito das coleccións museográficas.

k) Calquera outra función que lles for encomendada por unha disposición legal ou regulamentaria.

#### Artigo 5. *Definición e funcións dos centros de interpretación do patrimonio cultural*

1. Son centros de interpretación do patrimonio cultural as instalacións permanentes abertas ao público que cumpran os requisitos establecidos nesta lei e que, sen exporen necesariamente bens culturais mobles nin teren fins lucrativos, estean vinculados a lugares ou monumentos que, contando cos elementos necesarios de infraestrutura e recursos humanos, poden proporcionar á cidadanía as claves para a comprensión dos seus valores culturais.

2. Para o seu máis racional e adecuado funcionamento, os centros de interpretación do patrimonio cultural poderán establecer relacións de complementariedade cos museos, considerando o seu contido temático e/ou o seu ámbito territorial, para o tratamento dos seus fondos.

3. Son funcións dos centros de interpretación do patrimonio cultural:

- a) Difundir e facilitar ao público o seu significado cultural.
- b) Protexer e conservar os bens que os integran.
- c) Garantir a documentación, investigación e exhibición dos seus bens.
- d) Facilitar a interpretación e o acceso ao patrimonio cultural existente e aos seus fondos, con respecto aos principios de igualdade e non-discriminación.
- e) Promover a pluralidade e a diversidade cultural, integrando perspectivas e axentes sociais diversos, buscando a formación crítica, a participación e a divulgación científica.
- f) Fomentar a creación e a transmisión do patrimonio cultural inmaterial.
- g) Promover o respecto dos dereitos humanos e a igualdade de xénero.
- h) Contribuír á formación de profesionais con titulacións relacionadas co ámbito dos centros de interpretación.
- i) Calquera outra función que lles for encomendada por unha disposición legal ou regulamentaria.

#### Artigo 6. *Deberes xerais dos centros museísticos*

Son deberes dos centros museísticos autorizados os seguintes:



- a) Manter os requisitos que determinaron a súa creación e funcionamento.
- b) Cumprir a misión e as funcións que se establecen nesta lei.
- c) Facer constar, en lugar visible e público, a súa condición de centro autorizado.
- d) Manter actualizado o inventario dos seus fondos.
- d) Informar o público, en lugar visible e á entrada do centro, do horario e mais das condicións de acceso.
- e) Facilitar o acceso ao seu patrimonio cultural e aos seus fondos, con respecto aos principios de igualdade e non-discriminación.
- f) Facilitar o acceso ás persoas interesadas na investigación dos seus fondos.
- g) Elaborar e remitir á consellaría competente en materia de centros museísticos as estatísticas e datos informativos sobre os seus fondos, actividades, visitantes e prestación de servizos.
- h) Difundir os valores culturais dos bens custodiados.
- i) Garantir a seguranza, a conservación e a protección dos seus fondos.
- j) Permitir a inspección da organización e dos servizos prestados, así como das súas instalacións, fondos e documentación, por parte da consellaría competente en materia de centros museísticos.
- k) Calquera outro que lles sexa encomendado mediante unha disposición legal ou regulamentaria.

## TÍTULO II

### Do Sistema galego de centros museísticos

#### CAPÍTULO I

##### Definición e estrutura

###### *Artigo 7. Definición do Sistema galego de centros museísticos*

O Sistema galego de centros museísticos é a estrutura organizativa e funcional de integración dos centros e das redes museísticas, definidas no artigo 18, da Comunidade Autónoma galega, para a coordinación eficiente da súa xestión cultural, técnica e científica.

###### *Artigo 8. Estrutura organizativa do Sistema galego de centros museísticos*

O Sistema galego de centros museísticos está formado por:

- a) Un órgano administrativo de dirección e coordinación.





b) O Consello de Centros Museísticos de Galicia.

c) Os diferentes museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural de titularidade pública, así como os de titularidade privada que voluntariamente se integren no Sistema, nos termos previstos no artigo 11.

#### Artigo 9. *Órgano administrativo de dirección e coordinación*

Corresponde á consellaría competente en materia de centros museísticos, como órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de centros museísticos, sen prexuízo das competencias estatais en relación cos museos xestionados pola Comunidade Autónoma e sen prexuízo da autonomía local, o exercicio das seguintes funcións:

a) Diseñar e planificar a política museística da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas prioridades.

b) Xestionar o Sistema galego de centros museísticos.

c) Coordinar o funcionamento dos museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural integrados no Sistema para que poidan cumprir os fins que teñen encomendados.

d) Inspeccionar a organización e servizos dos museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural para comprobar o respecto á lexislación vixente.

e) Colaborar con outras administracións e centros museísticos no fomento e mellora da infraestrutura museística de Galicia e dos seus fondos.

f) Organizar, actualizar e xestionar o Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia.

g) Ditar as normas técnicas de rexistro, documentación e protección do patrimonio museístico.

h) Fomentar a promoción, integración e implicación dos centros museísticos na vida cultural e social do seu ámbito territorial, potenciando a colaboración con institucións docentes e de investigación ou con fundacións e entidades cuxos obxectivos e actividades teñan relación coas propias dos centros museísticos.

i) Fomentar a formación continua do persoal dos centros museísticos e promover a creación dun código deontolóxico.

j) Asesorar e prestar asistencia técnica aos museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural integrados no Sistema para o mellor cumprimento dos seus fins.

k) Promover e coordinar o establecemento en rede dun único sistema informático aplicable a todos os centros do Sistema galego de centros museísticos.



- l) Impulsar os labores de documentación, investigación e difusión do patrimonio cultural.

#### Artigo 10. *Consello de Centros Museísticos de Galicia*

1. Créase o Consello de Centros Museísticos de Galicia, como órgano colexiado asesor do Sistema de centros museísticos de Galicia, adscrito á consellaría con competencias en materia de centros museísticos.

2. O Consello de Centros Museísticos de Galicia estará composto por:

a) A presidencia, que corresponderá á persoa titular da consellaría con competencias en materia de centros museísticos.

b) A vicepresidencia, que corresponderá á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de centros museísticos.

c) A secretaría, que corresponderá á persoa titular do servizo con competencias en materia de museos.

d) Oito vogalías, que serán designadas pola persoa titular da consellaría con competencias en materia de centros museísticos, entre persoas vinculadas ao ámbito cultural e museístico da Comunidade Autónoma de Galicia, con criterios de pluralidade e representatividade das distintas modalidades de centros que regula a lei.

Na composición do Consello de Centros Museísticos de Galicia procurarase unha presenza equilibrada entre homes e mulleres.

3. Son funcións do Consello de Centros Museísticos de Galicia:

a) Emitir informe sobre os regulamentos que foren ditados en desenvolvemento desta lei.

b) Emitir informe sobre os plans relacionados coa política museística de Galicia.

c) Emitir informe sobre a creación, modificación ou supresión de centros museísticos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Propor actuacións e iniciativas para o mellor funcionamento do Sistema galego de centros museísticos.

e) Emitir informe sobre calquera outro tipo de cuestións de índole museística que poida formular a consellaría con competencias en materia de centros museísticos.

f) Exercer as competencias que lle foren atribuídas polas leis ou disposicións de carácter regulamentario.

Agás disposición expresa en contra, os informes emitidos polo Consello de Centros Museísticos de Galicia non terán carácter vinculante.



4. O Consello de Centros Museísticos de Galicia rexeráse, ademais de polo disposto nesta lei e na correspondente norma regulamentaria de desenvolvemento, polo previsto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### Artigo 11. *Centros do Sistema galego de centros museísticos*

1. Forman parte do Sistema galego de centros museísticos todos os museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural debidamente creados de titularidade pública autonómica, así como os pertencentes a outras administracións públicas, logo da sinatura, neste caso, do correspondente instrumento xurídico de colaboración. Igualmente, formarán parte deste sistema os centros de titularidade privada creados que de forma voluntaria decidan integrarse, logo de o solicitaren conforme o procedemento administrativo común, e que cumpran os requisitos que regulamentariamente se establezan.

2. Os museos de xestión transferida á Comunidade Autónoma forman parte do Sistema galego de centros museísticos, sen prexuízo das competencias e da normativa estatais.

#### Artigo 12. *Efectos da integración no Sistema galego de centros museísticos*

A integración no Sistema galego de centros museísticos comportará os seguintes efectos:

a) Participar nas liñas específicas de axudas que poida establecer a consellaría competente en materia de centros museísticos, de acordo cos principios de publicidade e concorrência, dirixidas á creación e ao desenvolvemento de actuacións que tendan a facilitar a conservación, a seguranza, a documentación ou a difusión dos centros.

b) Obter asesoramento dos servizos administrativos e técnicos da consellaría con competencias en materia de centros museísticos.

c) Ter prioridade en todas as accións de colaboración que poida establecer a Comunidade Autónoma, de acordo cos principios de publicidade e concorrência, en materias tales como documentación, conservación e restauración de fondos museísticos, investigación, estudos ou difusión.

d) Participar en accións formativas de todo tipo relacionadas cos centros museísticos.

e) Ter prioridade na recepción de depósitos dos fondos que sexan titularidade da Comunidade Autónoma.

f) Ter prioridade na participación en accións de carácter itinerante que se organicen coa intervención da Comunidade Autónoma.

g) Participar en todas as accións de promoción cultural e turística da Comunidade Autónoma.

h) Empregar os distintivos de identificación que, de ser o caso, poida adoptar o Sistema galego de centros museísticos.

i) Calquera outro que puiden establecer a Comunidade Autónoma.



## CAPÍTULO II

### Réxime de creación e cualificación dos centros

#### Artigo 13. *Creación e cualificación de museos e coleccións museográficas*

1. A creación e cualificación dun museo ou colección museográfica dentro da Comunidade Autónoma de Galicia serán realizadas mediante un acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de centros museísticos.

Porén, no caso de museos ou coleccións museográficas de titularidade da Comunidade Autónoma, a creación levarase a cabo mediante un decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de centros museísticos ou, no caso de que o centro vaia depender doutra consellaría, por proposta conxunta da consellaría competente en materia de centros museísticos e da consellaría de que vaia depender o centro.

No correspondente acordo ou decreto de creación delimitaranse o ámbito territorial e o contido temático do museo ou colección museográfica, definiranse os seus obxectivos e establecerase a súa estrutura básica.

2. As persoas físicas ou xurídicas interesadas na creación dun museo ou dunha colección museográfica presentarán ante a consellaría competente en materia de centros museísticos a correspondente solicitude, acompañada da seguinte documentación:

a) Un plan museolóxico, no que se fará constar a natureza xurídica e a definición da entidade que promove a creación do centro, os seus obxectivos, as súas liñas programáticas en todas as áreas ou funcións, e o carácter e definición das súas coleccións e das súas sedes, equipamentos, instalacións e recursos tanto materiais como humanos para o seu funcionamento e mantemento.

b) A documentación que acredite a disposición dun inmovible ou inmobiles adecuados e accesibles que garantan as condicións de conservación, de seguranza e de visita pública.

c) A documentación que acredite que contan cunha colección estable, suficiente e adecuada ao ámbito dos seus obxectivos.

d) O inventario dos seus fondos.

O procedemento de creación axustarase ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

3. Unha vez creados, os museos terán que garantir o cumprimento dos requisitos a que se refire o número 2 e así mesmo deberán acreditar, no prazo máximo dun ano desde a súa creación, e manter durante todo o tempo de funcionamento, os seguintes aspectos:

a) Contar cun horario estable, continuado ou periódico, para a visita pública e para a investigación e consulta dos seus fondos.



b) Habilitar os seus fondos de maneira accesible para a investigación, o ensino, a divulgación e a contemplación pública.

c) Acreditar a instalación da exposición ordenada das coleccións con criterios científicos e didácticos e manter, de forma permanente, unha exposición de pezas da súa colección con explicación mínima e accesible.

d) Contar cunha persoa que exerza a dirección do centro, así como con persoal cualificado e suficiente cuxa formación e coñecemento se axuste aos contidos do museo.

e) Dispor dun orzamento suficiente que garanta o seu funcionamento.

f) Contar con medidas de conservación preventiva, así como de seguranza, adecuadas e suficientes para os seus fondos.

g) Garantir o desenvolvemento das áreas funcionais reguladas polo artigo 21.

h) Cumprir a lexislación aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia no atinente ás instalacións de uso público.

i) Dispor dunha programación anual de actividades de investigación, conservación e difusión que sexa inclusiva e facilite a participación social.

4. Unha vez creadas, as coleccións museográficas terán que garantir o cumprimento dos requisitos a que se refire o número 2 e, así mesmo, deberán acreditar, no prazo máximo dun ano desde a súa creación, e manter durante todo o tempo de funcionamento, os seguintes aspectos:

a) Contar cun horario estable, continuado ou periódico, para a visita pública e para a investigación e consulta dos seus fondos.

b) Habilitar os seus fondos de maneira accesible para a investigación, o ensino, a divulgación e a contemplación pública.

c) Acreditar a instalación da exposición ordenada das coleccións con criterios científicos e didácticos e manter, de forma permanente, unha exposición de pezas da súa colección con explicación mínima e accesible.

d) Contar cunha persoa que exerza a administración do centro, así como con persoal cualificado e suficiente cuxa formación e coñecemento se axuste aos contidos da colección.

e) Dispor dun orzamento suficiente que garanta o seu funcionamento.

f) Contar con medidas de conservación preventiva, así como de seguranza, adecuadas e suficientes para os seus fondos.

g) Cumprir a lexislación aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia no atinente ás instalacións de uso público.



#### Artigo 14. *Creación e cualificación de centros de interpretación do patrimonio cultural.*

1. A creación e cualificación dos centros de interpretación do patrimonio cultural dentro da Comunidade Autónoma de Galicia serán realizadas mediante un acordo do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de centros museísticos.

Porén, no caso de centros de interpretación do patrimonio cultural de titularidade da Comunidade Autónoma, a creación levarase a cabo mediante un decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de centros museísticos ou, no caso de que o centro vaia depender doutra consellaría, por proposta conxunta da consellaría competente en materia de centros museísticos e da consellaría de que vaia depender o centro.

No correspondente acordo ou decreto de creación delimitaranse o ámbito territorial e o contido temático do centro, definiranse os seus obxectivos e establecerase a súa estrutura básica.

2. As persoas físicas ou xurídicas interesadas na creación dun centro de interpretación do patrimonio cultural presentarán diante da consellaría competente en materia de centros museísticos a correspondente solicitude, acompañada da seguinte documentación:

a) Un plan museolóxico suficiente e adecuado ao ámbito e obxectivos do centro de interpretación do patrimonio cultural, segundo a súa definición.

b) A documentación que acredite a disposición dun inmovible ou inmovibles adecuados e accesibles para o desenvolvemento das funcións que lle son propias.

c) O inventario dos fondos, no caso de que custodie bens, caso en que deberá garantir a súa conservación e seguranza.

O procedemento de creación axustarase ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

3. Unha vez creados, os centros de interpretación terán que garantir o cumprimento dos requisitos a que se refire o número 2 e, así mesmo, deberán acreditar, no prazo máximo dun ano desde a súa creación, e manter durante todo o tempo de funcionamento, os seguintes aspectos:

a) Contar cun horario estable, continuado ou periódico, para a visita pública.

b) Contar cunha persoa que exerza a administración do centro, así como con persoal cualificado e suficiente.

c) Dispor dun orzamento suficiente que garanta o seu funcionamento.

d) Establecer os medios necesarios para transmitir ao público o significado cultural dos bens a que estea vinculado o centro.

e) Contar cunha exposición cuxa presentación de contidos sexa suficiente e adecuada ao ámbito e obxectivos do centro.



f) Cumprir a lexislación aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia en canto a instalacións de uso público.

#### Artigo 15. *Efectos da creación e cualificación*

A creación e cualificación dun centro museístico será inscrita no Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia. A inscrición permitirá a identificación do centro como museo, colección museográfica ou centro de interpretación do patrimonio cultural de Galicia, e a integración no Sistema Galego de Centros Museísticos nos termos establecidos no artigo 11 e cos efectos previstos no artigo 12.

Só os centros oficialmente creados e inscritos no Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia poderán empregar na súa identificación os termos museo, colección museográfica ou centro de interpretación do patrimonio cultural que proceda en cada caso.

#### Artigo 16. *Disolución dos centros museísticos*

1. A disolución dos centros museísticos deberá ser previamente comunicada polo seu titular á consellaría competente en materia de centros museísticos. A comunicación deberá cursarse cunha antelación mínima de tres meses á data de disolución e fará constar a data de disolución efectiva, o destino dos bens culturais e as medidas de seguranza que garantan a súa protección e conservación.

2. O incumprimento reiterado das normas e condicións que determinaron a creación e cualificación dun museo, colección museográfica ou centro de interpretación do patrimonio cultural implicará, logo da tramitación de expediente contradictorio e resolución motivada, a perda de tal recoñecemento, a súa disolución e, se for o caso, a súa exclusión do Sistema galego de centros museísticos, sen prexuízo das sancións que en cada caso procedan conforme esta lei.

#### Artigo 17. *Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia*

1. O Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia é o instrumento de carácter administrativo, adscrito á consellaría competente nesta materia, no que se inscribirán os museos e as coleccións museográficas, así como os centros de interpretación relacionados co patrimonio cultural de Galicia, creados segundo o disposto nesta lei.

A inscrición practicarase en virtude de resolución da dirección xeral competente en materia de centros museísticos.

2. O Rexistro integrará, cando menos, os datos relativos á titularidade, domicilio, denominación, tipoloxía e ámbito temático, a descrición dos bens inmobles que o conforman, os recursos humanos, as áreas funcionais, de ser o caso, os servizos que presta, os horarios e o réxime de visita pública.

3. Regulamentariamente establecerase a súa organización e funcionamento, así como o acceso e consulta por parte da cidadanía, consonte a normativa aplicable en materia de protección de datos persoais.



4. As persoas titulares dos centros museísticos deberán manter actualizados os datos que figuran no Rexistro.

### CAPÍTULO III

#### Das redes de centros museísticos

##### Artigo 18. *Das redes*

1. Para os efectos da presente lei, enténdese por rede de centros museísticos o conxunto organizado de centros museísticos, órganos, recursos, produtos e servizos dos diferentes museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural de Galicia que ten por obxecto a ordenación, cooperación e aproveitamento transversal dos medios de que dispoñen, a fin de mellorar a súa eficacia e o cumprimento das súas funcións.

2. As redes constituirán subsistemas operativos para o funcionamento e organización do Sistema galego de centros museísticos.

2 bis. A Comunidade Autónoma desenvolverá os mecanismos efectivos de coordinación entre a rede de centros museísticos da súa titularidade e/ou xestión. Tamén promoverá a necesaria coordinación entre os centros museísticos cuxa titularidade corresponde a outra administración provincial ou municipal, así como de titularidade privada.

##### Artigo 19. *Tipos de redes*

1. Poderán establecerse redes tendo en conta a titularidade, o contido temático e discurso museolóxico, así como o ámbito territorial dos distintos centros museísticos de Galicia. A súa coordinación levarase a cabo nos termos que se determinen regulamentariamente.

2. A pertenza á rede terá carácter voluntario.

### TÍTULO III

#### Estrutura e funcionamento dos centros museísticos

##### Artigo 20. *Autonomía para a fixación da estrutura orgánica e funcional*

As persoas titulares ou, de ser o caso, as persoas xestoras dos museos, das coleccións museográficas e dos centros de interpretación integrados no Sistema galego de centros museísticos deberán dotar estes das instalacións, equipamento, mobiliario, persoal e orzamentos necesarios para o cumprimento eficaz dos seus fins respectivos. Para tal efecto, gozarán de autonomía para fixar a estrutura orgánica e funcional máis adecuada para a satisfacción das súas necesidades, nos termos previstos no presente título.

##### Artigo 21. *Organización dos museos*

1. Os museos, sen prexuízo das facultades das persoas titulares e das súas condicións específicas, incluírán a existencia dun órgano de dirección e as seguintes áreas funcionais básicas, que desenvolverán a súa actividade mediante a necesaria coordinación interna:





- a) Área de documentación, conservación e investigación.
- b) Área de difusión e comunicación.
- c) Área de administración.

2. As funcións directivas dos museos de titularidade ou xestión autonómica serán asumidas tanto pola escala facultativa superior como de grao medio de museos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 22. *Dotación e selección de persoal dos centros museísticos*

1. Todos os centros deberán contar co persoal técnico cualificado nos contidos do centro e no ámbito da museoloxía, en número suficiente para atender as distintas áreas funcionais, e cos recursos humanos doutras categorías profesionais necesarios para o cumprimento dos fins do centro.

2. No caso dos centros de titularidade ou xestión autonómica, as bases das convocatorias de acceso ás categorías de persoal cualificado dos museos integrados no Sistema galego de centros museísticos deberán contar co informe preceptivo da consellaría competente en materia de centros museísticos. Nos tribunais encargados de resolver os procesos de selección figurará obrigatoriamente un técnico de museos profesional de calquera das administracións públicas galegas.

#### Artigo 23. *Incompatibilidades*

A realización de actividades comerciais relativas a bens culturais, así como a participación ou desempeño de emprego en sociedades ou entidades con fins de lucro dedicadas ás mesmas actividades comerciais por parte do persoal ao servizo dos centros museísticos de titularidade pública, por si mesmos ou por medio de terceiros, estará sometida en todo caso ao réxime de incompatibilidades previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou norma que a substitúa.

#### Artigo 24. *Réxime de visitas*

1. O establecemento do réxime de visitas prestará unha atención especial á promoción de visitas escolares e de colectivos con maiores dificultades de inclusión social, sen prexuízo das restricións que, por mor da conservación dos bens culturais custodiados neles, puideren establecerse.

2. Os centros museísticos estarán abertos ao público en horario estable, ben sexa de forma continuada ou periódica.

3. O horario de apertura dos centros museísticos dependentes da Comunidade Autónoma será obxecto de desenvolvemento regulamentario.

4. Os centros museísticos poderán percibir dereitos económicos pola visita ou pola prestación de servizos complementarios, así como establecer tarifas reducidas ou gratuítas nos termos que sexan establecidos regulamentariamente.



En todo caso, a entrada nos centros de titularidade ou xestión por parte da Comunidade Autónoma será gratuíta, cando menos, un día á semana.

#### Artigo 25. *Condicións de acceso*

1. As condicións de acceso aos centros museísticos de titularidade ou xestión autonómica serán reguladas pola consellaría competente en materia de centros museísticos, baixo os principios de igualdade, non-discriminación e deseño universal.

2. Os centros non incluídos no número anterior establecerán as súas condicións de acceso e visita pública baixo os principios de igualdade, non- discriminación e deseño universal. Estas condicións deberán ser comunicadas para a súa aprobación pola dirección xeral competente en materia de centros museísticos.

3. Deberá facilitarse o acceso ao estudo dos fondos que formen parte dos centros museísticos, en condicións de igualdade, a todas as persoas investigadoras debidamente acreditadas que xustifiquen un interese científico ou pedagógico, sen prexuízo das restricións que poidan establecerse pola necesidade de conservación e seguranza dos bens ou do normal funcionamento do centro.

4. O acceso realizarase con pleno respecto aos dereitos de propiedade intelectual e outros dereitos conexos.

### TÍTULO IV **Xestión dos fondos e coleccións museísticas** CAPÍTULO I **A colección museística**

#### Artigo 26. *Definición de colección museística*

1. Enténdese por colección museística, para os efectos do establecido nesta lei, o conxunto de bens culturais cuxa adquisición, ordenación e clasificación responde a criterios científicos e técnicos e que está destinada ao cumprimento, con vocación de permanencia, das funcións do centro a que pertence.

2. O incremento, situacións e movemento da colección museística acomodaranse aos procedementos que regulamentariamente se establezan.

3. Constitúe a Colección Museística de Galicia o conxunto de bens culturais cuxa titularidade corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia e que forman parte de centros museísticos do seu territorio, sen prexuízo do concepto polo que ingresen ou ingresasen en tales centros.

A Administración autonómica decidirá, motivadamente, a formación e ordenación das coleccións estables dos museos da súa titularidade.



## Artigo 27. *Asignación*

1. Para os efectos desta lei, considérase asignación o acto polo cal a persoa titular do centro museístico establece, con criterios científicos, o destino dos bens para pasar a formar parte da colección estable deste.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia asignará os seus bens culturais a centros da súa titularidade conforme o previsto no número anterior e respectando, de ser o caso, o disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, así como na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

## Artigo 28. *Recepción de fondos*

1. Os centros museísticos de Galicia poderán solicitar ou ser receptores, conforme a súa capacidade de custodia, dos fondos integrantes do patrimonio cultural que sexan afíns ao seu contido.

2. A Administración autonómica terá en conta, á hora de formalizar o correspondente instrumento xurídico para a recepción de bens da súa titularidade, criterios de proximidade territorial ou de contido temático, e considerará a adecuada conservación dos materiais e a mellor función científica e cultural.

Este tipo de actuacións serán realizadas preferentemente en centros de titularidade ou xestión autonómica, en virtude de resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de centros museísticos.

3. A Administración autonómica poderá admitir por parte de terceiras persoas, nos museos da súa titularidade ou xestión, bens culturais, mediante a formalización do oportuno instrumento xurídico.

4. Nos instrumentos xurídicos de formalización deberán figurar, cando menos, os seguintes datos:

- a) Identificación e posición xurídica das partes.
- b) Identificación dos bens, que incluíra unha breve descrición, así como a documentación gráfica que os identifique.
- c) Prazo de vixencia e posibilidade de prórroga.
- d) Descrición das condicións de conservación e seguranza.
- e) Especificación da dispoñibilidade dos bens en relación con saídas temporais, investigacións ou exhibicións.
- f) Condicións de reprodución e difusión, de ser o caso.
- g) Referencia á valoración previa do Consello de Valoración de Bens Culturais de Galicia.



5. Todos os bens culturais obxecto deste tipo de operacións compartirán o réxime de xestión, conservación e exhibición das coleccións asignadas ao centro museístico receptor.

6. Os centros museísticos de Galicia poderán recibir depósitos xudiciais, coa correspondente obriga de custodia e daqueloutras exixibles pola lexislación vixente.

Igualmente, deberán recibir os depósitos a que se refire a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, nos termos previstos polos artigos 48 e 99.

#### Artigo 29. *Depósitos forzosos*

Cando as persoas titulares dun centro museístico non executen as actuacións exixidas para a conservación, o mantemento e a custodia dos seus fondos, a consellaría competente en materia de centros museísticos poderá ordenar, logo da instrución dun expediente contradictorio, o seu depósito en museos de titularidade ou xestión autonómica, en tanto non desaparezan as causas que orixinaron a dita decisión, sen prexuízo da sanción administrativa que corresponda.

#### Artigo 30. *Doazóns e legados*

1. A consellaría con competencias en materia de centros museísticos impulsará un plan para fomentar, en favor da Comunidade Autónoma, doazóns e legados artísticos e culturais que sexan de interese para preservar a identidade de Galicia.

2. A Administración autonómica poderá aceptar, logo do informe favorable do Consello Superior de Valoracións de Bens Culturais de Interese para Galicia, con destino aos centros museísticos da súa titularidade ou xestión, doazóns ou legados de bens culturais. Para estes efectos terase en conta o previsto pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 31. *Dereitos de tanteo e retracto*

O exercicio dos dereitos de tanteo e retracto sobre bens de interese cultural susceptibles de formar parte dos centros museísticos creados de acordo co establecido nesta lei exerceranse, en todo caso, conforme o previsto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

#### Artigo 32. *Facultade expropiatoria*

Sen prexuízo da facultade expropiatoria prevista no artigo 51 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, decláranse de utilidade pública para os efectos da expropiación forzosa os edificios e terreos onde vaian ser instaladas dependencias de museos, coleccións museográficas e centros de interpretación do patrimonio cultural de Galicia de titularidade pública.

O recoñecemento en cada caso concreto dos bens e dereitos individualizados que cómpre expropiar será realizado mediante un decreto da Xunta de Galicia. Tal recoñecemento poderá estenderse aos edificios e terreos contiguos cando así o requiran razóns de seguranza e funcionamento ou para facilitar a adecuada conservación dos inmobles ou dos bens que conteñan.



### Artigo 33. *Saída de fondos*

1. Todas as saídas de fondos museísticos fóra das instalacións do centro a que estean asignados, incluídas as saídas para exposicións temporais, análise, estudo ou restauración, deberán ser previamente autorizadas pola persoa titular de tales fondos, sen prexuízo das condicións técnicas particulares que poida establecer o centro xestor e sen prexuízo, igualmente, do sinalado, para os bens declarados de interese cultural e para os bens catalogados, nos artigos 64 e 66, respectivamente, da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

2. Cando as saídas a que se refire o parágrafo anterior afecten fondos museísticos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, serán autorizadas pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de centros museísticos, logo do informe da dirección do centro que corresponda.

A solicitude de saída deberá realizarse cunha antelación mínima dun mes e a resolución de autorización deberá indicar, cando menos:

a) As condicións particulares en que se efectuará a saída.

b) O prazo, que con carácter xeral non será superior a nove meses, agás casos excepcionais en que se requira un prazo maior, polo tempo indispensable para o fin que lles é propio.

c) As condicións de devolución.

3. Sen prexuízo do establecido anteriormente, para a saída de fondos, sexan de titularidade pública ou privada, recepcionados en centros museísticos, observaranse as condicións estipuladas no correspondente instrumento xurídico.

4. O traslado de fondos que estean declarados como bens de interese cultural deberá ser autorizado pola dirección xeral con competencias en materia de patrimonio cultural. No caso de bens catalogados, o traslado deberá comunicarse a esta mesma dirección xeral.

### Artigo 34. *Da conservación, restauración e outras intervencións nos fondos*

1. Os bens custodiados nun centro museístico deberán estar instalados en condicións ambientais adecuadas e contar cos elementos de control suficientes para garantir a súa conservación fronte a posibles causas de deterioración, así como aplicar estratexias e intervencións de conservación preventiva para crear ou manter as condicións idóneas que preserven os seus fondos, sen intervir directamente na súa natureza material.

2. A restauración e calquera outra intervención directa, tales como toma de mostras ou similares, de fondos custodiados en museos, coleccións museográficas e centros de interpretación requirirá a elaboración dun proxecto de restauración ou intervención, subscrito por persoal competente, que, de conformidade co que se determine regulamentariamente, incluírá, cando menos, a identificación do ben, a diagnose do seu estado, a proposta de actuación, a metodoloxía que se seguirá, os tratamentos que se realizarán e as materias que se empregarán.



3. A restauración ou calquera outra intervención directa en fondos pertencentes á Colección Museística de Galicia requirirá autorización administrativa previa da dirección xeral competente en materia de centros museísticos cando sexa realizada por persoal técnico externo á consellaría competente nesta materia. Esta autorización deberá ser emitida pola dirección xeral con competencias en materia de patrimonio cultural cando se trate de bens de interese cultural ou bens catalogados.

4. Para a restauración de bens de titularidade estatal custodiados en museos de xestión transferida á Comunidade Autónoma de Galicia será precisa autorización da Administración xeral do Estado, en conformidade co previsto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

5. Calquera tipo de tratamento de restauración de bens pertencentes a museos, coleccións museográficas e centros de interpretación soamente poderá ser realizado por persoal que acredite a cualificación técnica adecuada á actuación que se pretende desenvolver e deberá ser documentado adecuadamente nunha memoria técnica final.

#### Artigo 35. *Baixa de bens na colección*

1. Os bens da colección poderán causar baixa. Calquera incidencia que comporte a baixa dun ben da colección, ademais do cumprimento das obrigas establecidas por esta e outra normativa aplicable, será convenientemente documentada e reflectida nos instrumentos de xestión documental.

2. Os centros conservarán no seu arquivo toda a documentación relativa ao ben que cause baixa na súa colección.

## CAPÍTULO II

### **Xestión documental e tratamento técnico dos fondos**

#### Artigo 36. *Xestión documental*

Todos os centros museísticos de Galicia deberán contar cun sistema de xestión documental integrado polo conxunto dos instrumentos descritivos e de control técnico, así como de xestión administrativa, relativos aos seus fondos. Este sistema será acorde coas características e funcións de cada tipo de centro, de conformidade coas características que regulamentariamente sexan establecidas.

#### Artigo 37. *Instrumentos para o tratamento dos fondos*

1. Os centros museísticos de Galicia deberán contar cun rexistro para o tratamento administrativo dos seus fondos no que se anotarán, por orde cronolóxica, o ingreso ou a baixa. Para estes efectos, disporán dun rexistro para a colección estable e dun rexistro para os restantes fondos.



O número con que se practique o rexistro será único e intransferible e acompañará a identificación do ben.

Non serán obxecto de inscrición rexistral os bens culturais que ingresen con motivo de exposicións temporais, accións de conservación e/ou restauración, así como por razóns científicas ou de investigación, sen prexuízo do correspondente control administrativo. Tampouco se rexistrarán os depósitos xudiciais ou entradas a que se refire o artigo 28.6.

2. Despois de seren rexistrados, os bens culturais serán incluídos nun inventario en que se recollerá a descrición do ben, coas súas características físicas, estado de conservación, titularidade e procedencia, ademais dos datos que figuren no rexistro.

3. Os museos e as coleccións museográficas elaborarán o catálogo dos bens incluídos no seu inventario, como instrumento de caracterización científica e técnica no que se integrarán a documentación, os estudos técnicos e científicos, así como os coñecementos asociados a tales bens.

4. Os instrumentos para o tratamento de fondos poderán contar cunha versión electrónica, de acceso aberto, con fins sociais, educativos e de interpretación, que deberá respectar, en todo caso, os dereitos de propiedade intelectual e outros conexos que puideren verse afectados.

5. Regulamentariamente estableceranse as características e o contido do sistema de xestión documental e de cada un dos instrumentos regulados neste artigo, procurando a implementación das novas tecnoloxías a fin de facilitar a xeneralización de sistemas integrados de información, documentación e xestión nos centros que forman parte do Sistema galego de centros museísticos.

#### Artigo 38. *Do acceso e consulta dos instrumentos de xestión documental*

A cidadanía terá dereito de acceso e consulta do contido do rexistro, do inventario e do catálogo, nos termos establecidos na normativa aplicable.

### CAPÍTULO III

#### **Da investigación, difusión e comunicación no ámbito dos centros museísticos**

#### Artigo 39. *Da investigación*

1. As persoas titulares ou xestoras dos centros museísticos impulsarán programas de investigación específicos sobre o seu contido e ámbito temático e territorial. Estes programas coordinaranse cos doutros centros museísticos ou centros de investigación.

2. Facilitarase ás persoas investigadoras a consulta e estudo dos fondos dos centros museísticos nos termos previstos no artigo 25.



#### Artigo 40. *Da difusión e comunicación*

1. Os centros museísticos deberán difundir e comunicar á sociedade o significado e os valores dos bens culturais que conservan e investigan, así como do seu contido temático e ámbito territorial.

2. Así mesmo, garantirán a accesibilidade aos seus contidos facéndooos comprensibles aos diversos tipos de público mediante a aplicación de estratexias diversificadas de comunicación, a organización de actividades complementarias e a elaboración de medios técnicos e materiais adecuados para este fin.

3. A Administración autonómica prestará o apoio necesario para que os centros museísticos poidan facer uso das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) a fin de facilitar o desenvolvemento das funcións que lles son propias e de difundir e potenciar o acceso aos seus fondos e ao seu coñecemento.

Na implantación das novas tecnoloxías e nos mecanismos de accesibilidade aos contidos dos centros deberá respectarse a normativa sobre patrimonio cultural, así como os dereitos de propiedade intelectual e outros dereitos conexos.

#### Artigo 41. *Imaxes, reproducións e copias*

1. A obtención de imaxes e as reproducións ou copias de fondos dos centros museísticos basearanse nos principios de preservar a debida conservación da obra, facilitar o acceso á investigación e á difusión cultural, salvagardar os dereitos de propiedade intelectual das persoas autoras e non interferir na actividade normal do centro.

2. Para os efectos desta lei, enténdese por:

a) Imaxe: a representación dun obxecto real e a súa fixación nun medio material duradeiro.

b) Reprodución: o obxecto que se obtén a partir dun orixinal ou dunha imaxe mediante procedementos mecánicos.

c) Copia: a obra realizada mediante a interpretación ou versión persoal e única a partir dun orixinal.

3. A obtención de imaxes, reproducións ou copias de fondos de titularidade da Administración autonómica requirirá a autorización expresa da persoa titular da dirección xeral competente en materia de centros museísticos, logo de solicitude da persoa interesada, conforme o procedemento administrativo común, e informe da dirección do centro que corresponda. Nela figurarán as condicións específicas para a súa realización.

4. Nos centros de titularidade estatal xestionados pola Comunidade Autónoma, a obtención de imaxes, reproducións ou copias estará sometida ao disposto nos reais decretos de transferencia, no convenio asinado para a xestión de tales centros e na normativa estatal aplicable.





5. Nas imaxes, reproducións ou copias obtidas figurará esta condición de forma visible, así como a súa procedencia.

## TÍTULO V

### Das medidas de dinamización

#### Artigo 42. *Subvencións e axudas públicas*

No exercicio das súas competencias, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderá conceder subvencións e axudas públicas destinadas á creación de centros museísticos, así como a actuacións relativas á conservación, seguranza, documentación ou difusión dos bens que forman parte daqueles. Esta concesión estará suxeita á Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, e á súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 43. *Cooperación e colaboración*

No exercicio das súas competencias nesta materia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá, no marco da normativa aplicable, a cooperación e colaboración con outras administracións públicas, así como con suxeitos de dereito privado e entidades de iniciativa social, para impulsar medidas destinadas ao mellor cumprimento dos fins e funcións dos centros que integran o Sistema galego de centros museísticos.

#### Artigo 44. *Patrocinio*

A Administración autonómica fomentará activamente accións de patrocinio dirixidas ao sostemento dos centros museísticos que formen parte do Sistema galego de centros museísticos, así como ao desenvolvemento dos seus proxectos museísticos.

#### Artigo 45. *Fomento da actividade científica e cultural*

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá, no marco da normativa aplicable, as actividades científicas e culturais dos centros museísticos, especialmente os de titularidade ou xestión autonómica, baixo os principios de accesibilidade universal e igualdade de oportunidades.

2. As administracións públicas fomentarán a execución de programas de investigación nos contidos temáticos propios dos centros museísticos e o intercambio con outras institucións culturais e centros de investigación afíns. Promoverán igualmente a investigación museolóxica e a colaboración entre as redes de museos de Galicia e entre estes e as redes do Estado, da Unión Europea e de Iberoamérica ou en calquera outro ámbito que se considere de interese.

#### Artigo 46. *Participación social*

As administracións públicas fomentarán, consonte a normativa aplicable, a creación e promoverán o labor das asociacións de amigos de museos e outros centros museísticos galegos,



co fin de potenciar e difundir o seu papel na sociedade e facilitar a súa participación nas institucións museísticas.

#### Artigo 47. *Promoción de iniciativas privadas en centros museísticos*

A consellaría competente en materia de centros museísticos poderá promover iniciativas privadas que posibiliten ofrecer á cidadanía servizos culturais de interese xeral e de calidade no marco do ámbito temático de cada centro, sempre que isto non supoña un incremento do gasto público nin exista interferencia coa actividade ordinaria do centro, de acordo coa normativa aplicable e con respecto ao principio de libre concorrência no mercado.

Tales iniciativas deberán ser autorizadas pola dirección do centro en que se desenvolvan, cando estas teñan lugar en centros de titularidade ou xestión autonómica.

### TÍTULO VI **Réxime sancionador**

#### Artigo 48. *Ámbito de aplicación*

A regulación do réxime sancionador contida neste título será aplicable a todos os centros sometidos a esta lei, con excepción dos de titularidade estatal, estean ou non transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia, aos cales se lles aplicará a súa normativa específica.

#### Artigo 49. *Definición*

1. Constitúen infraccións administrativas en materia de centros museísticos as accións e omisións que se tipifican neste título. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

2. Cando a conduta infractora constitúa tamén unha infracción administrativa en materia de patrimonio cultural, aplicarase o réxime sancionador previsto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, sen prexuízo do previsto no artigo 48 respecto dos centros de titularidade estatal.

#### Artigo 50. *Infraccións leves*

Constitúen infraccións leves as seguintes accións ou omisións:

a) O incumprimento do deber de informar o público e a consellaría competente en materia de centros museísticos do horario e das condicións de visita ou das súas modificacións.

b) O incumprimento da obriga de aplicar os instrumentos de descrición e documentación que estableza a consellaría competente en materia de centros museísticos para o tratamento administrativo e técnico de fondos custodiados nos centros museísticos que custodien bens culturais de natureza moble.



c) O incumprimento da obriga de levar o rexistro, o inventario e o catálogo ou non axustar os seus contidos e características ao establecido pola consellaría competente en materia de centros museísticos.

d) As actuacións de calquera tipo realizadas sen a necesaria autorización da consellaría competente en materia de centros museísticos que non provocasen danos nos centros ou nos bens culturais custodiados neles.

e) A utilización da denominación de museo, colección museográfica ou centro de interpretación como institución cultural descrita nesta lei por aqueles establecementos non creados ou autorizados consonte as disposicións desta lei.

f) O incumprimento inxustificado do deber de permitir o acceso das persoas investigadoras para a consulta e estudo dos fondos dos centros museísticos.

#### Artigo 51. *Infraccións graves*

Terán a consideración de infraccións graves:

a) A negativa ou obstrución á actividade inspectora da consellaría competente en materia de centros museísticos.

b) O incumprimento inxustificable do deber de visita pública.

c) A saída de fondos museísticos, sen axustarse ás condicións establecidas para este fin, que causase danos reparables.

d) O incumprimento das normas e condicións estipuladas para a obtención da cualificación de centro museístico.

e) O incumprimento das condicións previstas no instrumento xurídico correspondente para a recepción de fondos de titularidade autonómica.

f) O incumprimento da orde de depósito forzoso cando as persoas propietarias ou titulares de dereitos reais sobre bens mobles integrantes do patrimonio cultural non executen as actuacións exixidas para a súa conservación, mantemento e custodia.

g) A realización de reproducións de fondos de titularidade autonómica con incumprimento das condicións establecidas ou que supoñan danos reparables.

h) O incumprimento das incompatibilidades recollidas no artigo 23.

i) As restauracións cando incumpran as condicións establecidas ou que causen danos reparables.

j) A infracción tipificada na letra e) do artigo anterior cando se continuase observando a conduta infractora tras mediar requirimento da consellaría competente en materia de centros museísticos para os efectos de que cese nela.



## Artigo 52. *Infraccións moi graves*

Terán a consideración de infraccións moi graves as condutas infractoras previstas nos artigos 50 e 51 que vulneren as prescricións establecidas nesta lei e impliquen danos irreparables ou a perda total ou parcial dos fondos dos centros recoñecidos de acordo con esta lei.

## Artigo 53. *Responsables das infraccións*

1. Son responsables de infracción, aínda a título de mera inobservancia, as persoas físicas ou xurídicas que realicen as accións ou omisións tipificadas nesta lei.

2. As persoas titulares dos centros museísticos poderán ser responsables subsidiarias das infraccións cometidas polo seu persoal ou por outras persoas vinculadas ao centro por calquera outro título cando, podendo evitar a infracción, non o fixeron ou non adoptaron as medidas para evitar que se producise.

## Artigo 54. *Sancións*

1. As infraccións previstas nesta lei darán lugar á imposición das seguintes sancións:

- a) Infraccións leves: sanción desde 300 euros ata 6.000 euros.
- b) Infraccións graves: sanción desde 6.001 euros ata 150.000 euros.
- c) Infraccións moi graves: sanción desde 150.001 euros ata 600.000 euros.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, a contía da sanción non poderá ser en ningún caso inferior ao beneficio obtido como resultado da actuación infractora.

3. A gradación das sancións deberá considerar as circunstancias previstas no artigo 29.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4. A resolución sancionadora, ademais de impor as multas que procederen, disporá todo o necesario para a restauración da legalidade vulnerada pola conduta obxecto do expediente sancionador.

## Artigo 55. *Órganos competentes*

1. A competencia para a imposición das sancións previstas no artigo anterior correspóndelle:

- a) Á persoa titular da dirección xeral competente en materia de centros museísticos: as sancións de ata 6.000 euros.
- b) Á persoa titular da consellaría competente en materia de centros museísticos: as sancións comprendidas entre 6.001 e 150.000 euros.



c) Ao Consello da Xunta de Galicia: as sancións superiores a 150.000 euros.

2. A consellaría competente en materia de centros museísticos, sen prexuízo do disposto neste artigo, emprenderá perante os órganos xurisdicionais competentes as accións penais que correspondan polos actos delituosos en que as persoas infractoras puideren ter incorrido.

#### Artigo 56. *Procedemento*

1. A iniciación do procedemento sancionador realizarase por resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de centros museísticos, de oficio ou logo de denuncia de parte.

2. Na tramitación do procedemento sancionador, no que en todo caso se garantirá o dereito de audiencia da persoa interesada, aplicarase o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e respectaranse así mesmo os principios xerais do procedemento sancionador previstos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### Artigo 57. *Prescrición de infraccións e sancións*

1. As infraccións administrativas prescribirán aos dez anos de se teren cometido ou descuberto, no caso das moi graves; e aos cinco anos no caso das infraccións graves e leves.

2. As sancións prescribirán aos cinco anos no caso das moi graves e aos dous anos no caso das sancións graves e leves.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e o prazo de prescrición volverá correr se o expediente sancionador estiver paralizado máis dun mes por causa non imputable á persoa presuntamente responsable.

4. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorre o prazo para interpor recurso contra ela.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento da persoa interesada, do procedemento de execución. O prazo volverá transcorrer se aquel estiver paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa infractora.

#### Disposición adicional primeira. *Programas de intercambio e aproveitamento didáctico e educativo*

A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través das consellarías competentes en materia de centros museísticos e de educación, promoverá os programas de intercambio e aproveitamento didáctico e educativo dos centros museísticos da súa titularidade ou xestión e dos restantes centros integrados no Sistema galego de centros museísticos.



Disposición adicional segunda. *Réxime do Museo Pedagógico de Galicia e doutros espazos museísticos de temática educativa*

O Museo Pedagógico de Galicia (Mupega), así como os espazos museísticos de temática educativa previstos no Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagógico de Galicia (Mupega), dependentes da consellaría competente en materia de educación, manterán a súa dependencia tras a entrada en vigor desta lei. Para estes efectos, manterá igualmente a súa vixencia o previsto no Decreto 268/2000, do 2 de novembro.

Disposición adicional terceira. *Integración no Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia*

Todos os centros que no momento da entrada en vigor desta lei formen parte do Censo de Museos de Galicia da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade pasarán a integrarse automaticamente no Rexistro Xeral de Centros Museísticos de Galicia.

Disposición adicional cuarta. *Centros da Igrexa católica ou doutras confesións relixiosas*

Para a aplicación desta lei e das súas disposicións de desenvolvemento aos centros museísticos de titularidade da Igrexa católica ou doutras confesións relixiosas, observarase o disposto nos convenios entre o Estado español e aquelas. Acordarase cos representantes das distintas confesións o que afecte o uso relixioso dos fondos pertencentes aos centros museísticos.

Disposición adicional cuarta *bis*. *Museo do Pobo Galego*

A Administración autonómica promoverá as actividades científicas e culturais do Museo do Pobo Galego como centro sintetizador dos museos e coleccións antropolóxicas de Galicia, establecido polo Decreto 111/1993, do 22 de maio.

Disposición transitoria única. *Clasificación das institucións museísticas existentes no momento da entrada en vigor desta lei*

A administración competente procederá de oficio, no prazo de catro anos, contados a partir da entrada en vigor da lei, a clasificar ou reordenar as institucións museísticas conforme o estipulado no título I.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Quedan derogados de forma expresa:

- a) Os artigos 112, 113 e 114 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- b) O Decreto 314/1986, do 16 de outubro, de regulación do sistema público de museos da Comunidade Autónoma.

2. Tamén quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan total ou parcialmente ao previsto nesta lei.



### Disposición derradeira primeira. *Actualización de sancións*

A contía das sancións previstas nesta lei poderá ser actualizada por decreto da Xunta de Galicia, conforme os criterios establecidos pola normativa vixente en cada momento en materia de desindexación.

### Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*

Autorízase o Consello da Xunta para ditar as normas necesarias para a execución e o desenvolvemento desta lei.

### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2021

José Luis Ferro Iglesias

Mercedes Queixas Zas

Noa Susana Díaz Varela

## **1.3. Procedementos de control e impulso**

### **1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario**

#### **Consello de Contas. Informe de fiscalización das eleccións**

##### **Admisión a trámite**

- 7191 (11/IFIS-000001)

Consello de Contas

Informe definitivo de fiscalización das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020

Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 30 de decembro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

## **1.4. Procedementos de información**

### **1.4.4. Preguntas**

#### **1.4.4.1. Preguntas orais en pleno**

##### **Admisión da retirada**

- 1123 (11/POP-000069)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana



Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos resultados do desenvolvemento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia tras o remate da súa vixencia  
BOPG nº 12, do 08.09.2020

- 2510 (11/POP-000301)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a emisión polo Goberno galego dalgún tipo de pauta, recomendación ou directriz respecto da organización dos espazos específicos onde se imparten as ensinanzas de formación profesional para a súa conversión en talleres seguros

BOPG nº 23, do 30.09.2020

- 3100 (11/POP-000375)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do programa Educa en Dixital

BOPG nº 30, do 14.10.2020

- 3345 (11/POP-000409)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de revisar os protocolos educativos en materia de acoso escolar e ciberacoso, de igualdade, non-discriminación e liberdade de identidade de xénero, así como de risco suicida

BOPG nº 33, do 21.10.2020

- 3800 (11/POP-000477)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a contía destinada polo Goberno galego exclusivamente a gastos educativos da totalidade dos 92.987.530 euros recibidos do Goberno central e correspondentes á distribución do Fondo Covid-19

BOPG nº 36, do 28.10.2020

#### 1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

##### Admisión da retirada

- 1125 (11/POC-000170)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre os resultados da avaliación dos indicadores reflectidos no plan de seguimento e sistema de avaliación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, o prazo previsto para a publicación dos resultados da avaliación correspondente ao seu remate e o investimento realizado nel

BOPG nº 12, do 08.09.2020

Comisión 4ª, Educación e Cultura





- 2509 (11/POC-000397)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa adaptación dos centros de formación profesional aos requirimentos hixiénico-sanitarios derivados da covid-19 e os datos ao respecto  
BOPG nº 23, do 30.09.2020

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 3098 (11/POC-000496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre os datos referidos ao alumnado que vai ter e aos equipos novos que se van adquirir para o programa E-Dixgal no curso 2020-2021, así como a valoración que fai o Goberno galego do programa Educa en Dixital

BOPG nº 31, do 15.10.2020

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 3344 (11/POC-000542)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a opinión do Goberno galego referida á necesidade de revisar os protocolos educativos en materia de acoso escolar e ciberacoso, de igualdade, non-discriminación e liberdade de identidade de xénero, así como de risco suicida, e de implantar programas de sensibilización ao respecto

BOPG nº 34, do 22.10.2020

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 3799 (11/POC-000617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a contía destinada polo Goberno galego exclusivamente a gastos educativos da totalidade dos 92.987.530 euros recibidos do Goberno central e correspondentes á distribución do Fondo Covid-19, así como os datos referidos ao seu investimento

BOPG nº 36, do 28.10.2020


Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





**Asunto:** Informe de fiscalización das contabilidades electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020.

**Procedemento:** FIS060201

**ID do expediente:** 1502020-03

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 28 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, achégolle o Informe definitivo de fiscalización das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020. Xunto o informe en pen drive en formato pdf en galego e castelán.

Sen outro particular, saúdolle moi atentamente

José Antonio Redondo López  
Conselleiro Maior

SR. PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA

CSV : GEN-876b-af8b-ca89-2f92-5af2-6231-052c-2081

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 05/01/2021 09:43 | Sin acción específica



Consello de Contas  
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS  
CONTABILIDADES ELECTORAIS  
ELECCIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA  
DO 12 DE XULLO DE 2020**





CSV: BOPGDSPGGNLdS8jCU6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ÍNDICE

|                                                                                         |           |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>                                                            | <b>7</b>  |
| 1.1. MARCO LEGAL.....                                                                   | 7         |
| 1.2. ÁMBITO SUBXECTIVO DA FISCALIZACIÓN .....                                           | 9         |
| 1.3. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN.....                                                   | 11        |
| 1.4. ALCANCE.....                                                                       | 11        |
| 1.5. PROCEDEMENTOS DE FISCALIZACIÓN.....                                                | 12        |
| 1.6. LIMITACIÓNS AO ALCANCE DA FISCALIZACIÓN .....                                      | 15        |
| <b>2. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS E SUBVENCIÓN<br/>PROCEDENTE.....</b> | <b>15</b> |
| <b>3. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.....</b>                                               | <b>17</b> |
| 3.1. RESULTADOS ELECTORAIS.....                                                         | 17        |
| 3.2. TIPOS DE SUBVENCIÓNS E LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN.....                            | 18        |
| 3.3. DETERMINACIÓN DO IMPORTE MÁXIMO DAS SUBVENCIÓNS .....                              | 19        |
| 3.4. ADIANTOS OU ANTICIPOS DAS SUBVENCIÓNS.....                                         | 20        |
| 3.5. LÍMITE MÁXIMO DE GASTOS ELECTORAIS .....                                           | 23        |
| 3.6. ACTUACIÓNS DAS XUNTAS ELECTORAIS.....                                              | 25        |
| <b>4. REGULARIDADE DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS .....</b>                              | <b>26</b> |
| 4.1. PARTIDO POPULAR .....                                                              | 27        |
| 4.1.1. Documentación presentada .....                                                   | 27        |
| 4.1.2. Ingresos e gastos da campaña electoral .....                                     | 27        |
| 4.1.3. Ingresos da campaña electoral.....                                               | 27        |
| 4.1.4. gastos electorais .....                                                          | 28        |
| 4.1.5. Límite dos gastos electorais .....                                               | 30        |
| 4.1.6. Obrigas de comunicación de entidades financeiras e provedores .....              | 31        |
| 4.1.7. Tesourería da campaña .....                                                      | 31        |
| 4.1.8. Determinación do límite máximo da subvención PP .....                            | 32        |
| 4.1.9. Cumprimento das condicións financeiras xerais das subvencións .....              | 32        |
| 4.1.10. Liquidación da subvención.....                                                  | 33        |
| 4.1.11. Feitos posteriores á rendición da contabilidade electoral .....                 | 34        |
| 4.1.12. Conclusións.....                                                                | 34        |
| 4.2. BLOQUE NACIONALISTA GALEGO .....                                                   | 36        |
| 4.2.1. Documentación presentada .....                                                   | 36        |
| 4.2.2. Ingresos e gastos da campaña electoral .....                                     | 36        |
| 4.2.3. Ingresos da campaña electoral.....                                               | 36        |
| 4.2.4. Gastos electorais.....                                                           | 37        |
| 4.2.5. Límite dos gastos electorais .....                                               | 39        |
| 4.2.6. Obrigas de comunicación de entidades financeiras e provedores .....              | 40        |
| 4.2.7. Tesourería da campaña .....                                                      | 40        |
| 4.2.8. Determinación do límite máximo da subvención BNG.....                            | 41        |
| 4.2.9. Cumprimento das condicións financeiras xerais das subvencións .....              | 41        |
| 4.2.10. Liquidación da subvención.....                                                  | 42        |



|                                                                                   |           |
|-----------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| 4.2.11. Feitos posteriores á rendición da contabilidade electoral .....           | 43        |
| 4.2.12. Conclusións .....                                                         | 43        |
| 4.3. PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL ..... | 45        |
| 4.3.1. Documentación presentada .....                                             | 45        |
| 4.3.2. Ingresos e gastos da campaña electoral .....                               | 45        |
| 4.3.3. Ingresos da campaña electoral .....                                        | 45        |
| 4.3.4. Gastos electorais.....                                                     | 46        |
| 4.3.5. Límite dos gastos electorais.....                                          | 50        |
| 4.3.6. Obrigas de comunicación de entidades financeiras e acredores .....         | 51        |
| 4.3.7. Tesourería da campaña .....                                                | 51        |
| 4.3.8. Determinación do límite máximo da subvención ao PS de G-PSOE.....          | 52        |
| 4.3.9. Cumprimento das condicións financeiras xerais das subvencións .....        | 53        |
| 4.3.10. Liquidación da subvención.....                                            | 54        |
| 4.3.11. Feitos posteriores á rendición da contabilidade electoral .....           | 54        |
| 4.3.12. Conclusións .....                                                         | 55        |
| <b>5. TRÁMITE DE ALEGACIÓNS .....</b>                                             | <b>57</b> |





## ÍNDICE DE CADROS

|                                                                                                     |    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Cadro 1: Subvención procedente (euros) .....                                                        | 16 |
| Cadro 2: Subvención pendente de liquidar (euros) .....                                              | 16 |
| Cadro 3: Resultados xerais .....                                                                    | 17 |
| Cadro 4: Reparto de votos .....                                                                     | 17 |
| Cadro 5: Reparto de escanos .....                                                                   | 18 |
| Cadro 6: Subvencións máximas por votos e escanos (euros) .....                                      | 19 |
| Cadro 7: Subvención máxima por envíos electorais .....                                              | 20 |
| Cadro 8: Subvencións máximas totais .....                                                           | 20 |
| Cadro 9: Anticipo da subvención .....                                                               | 20 |
| Cadro 10: Límite de gasto por circunscrición .....                                                  | 23 |
| Cadro 11: Histórico do límite de gasto electoral .....                                              | 24 |
| Cadro 12: Volume máximo de gasto para cada formación política .....                                 | 24 |
| Cadro 13: Ingresos e gastos electorais declarados PP .....                                          | 27 |
| Cadro 14: Recursos financeiros declarados PP .....                                                  | 27 |
| Cadro 15: Gastos por operacións ordinarias PP .....                                                 | 28 |
| Cadro 16: Gastos por envíos de propaganda electoral PP .....                                        | 29 |
| Cadro 17: Límites de gastos electorais PP .....                                                     | 30 |
| Cadro 18: Tesourería PP .....                                                                       | 31 |
| Cadro 19: Subvencións electorais PP .....                                                           | 32 |
| Cadro 20: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) PP .....  | 33 |
| Cadro 21: Verificación límite Subvencións electorais (art. 19.6 Lei 9/2015) PP .....                | 33 |
| Cadro 22: Subvencións electorais PP .....                                                           | 33 |
| Cadro 23: Ingresos e gastos electorais declarados BNG .....                                         | 36 |
| Cadro 24: Recursos financeiros declarados BNG .....                                                 | 36 |
| Cadro 25: Gastos por operacións ordinarias BNG .....                                                | 37 |
| Cadro 26: Gastos por envíos de propaganda electoral BNG .....                                       | 38 |
| Cadro 27: Límites de gastos electorais BNG .....                                                    | 39 |
| Cadro 28: Tesourería BNG .....                                                                      | 40 |
| Cadro 29: Subvencións electorais BNG .....                                                          | 41 |
| Cadro 30: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) BNG ..... | 42 |
| Cadro 31: Verificación límite Subvencións electorais (art. 19.6 Lei 9/2015) BNG .....               | 42 |
| Cadro 32: Subvencións electorais BNG .....                                                          | 42 |
| Cadro 33: Ingresos e gastos electorais declarados PSdeG-PSOE .....                                  | 45 |
| Cadro 34: Recursos financeiros declarados PSdeG-PSOE .....                                          | 45 |
| Cadro 35: Gastos por operacións ordinarias PSdeG-PSOE .....                                         | 47 |
| Cadro 36: Gastos por envíos de propaganda electoral PSdeG-PSOE .....                                | 50 |
| Cadro 37: Límites de gastos electorais PSdeG-PSOE .....                                             | 51 |
| Cadro 38: Tesourería PSdeG-PSOE .....                                                               | 52 |
| Cadro 39: Subvencións electorais PSdeG-PSOE .....                                                   | 53 |



|                                                                                                            |    |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| Cadro 40: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) PSdeG-PSOE ..... | 53 |
| Cadro 41: Verificación límite Subvencións electorais (art. 19.6 Lei 9/2015) PSdeG-PSOE .....               | 54 |
| Cadro 42: Subvencións electorais PSdeG-PSOE.....                                                           | 54 |



## ABREVIATURAS

|            |                                                                                                                                                                |
|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LOREX      | Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral                                                                                                  |
| LEPG       | Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia                                                                                             |
| LFFP       | Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas                             |
| XEG        | Xunta Electoral de Galicia                                                                                                                                     |
| PCAFP      | Plan de Contabilidade Adaptado ás Formacións Políticas, aprobado polo Pleno do Tribunal de Cuentas o 20 de decembro de 2018 e modificado o 7 de marzo de 2019. |
| PP         | Partido Popular                                                                                                                                                |
| PSdeG-PSOE | Partido dos Socialistas de Galicia - Partido Socialista Obreiro Español.                                                                                       |
| BNG        | Bloque Nacionalista Galego                                                                                                                                     |





CSV: BOPGDSPGGNLdS8jCU6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. MARCO LEGAL

A Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (BOE núm. 147 do 20.06.1985), en adiante LOREX, nos termos que establece a súa Disposición Adicional 1ª, é de aplicación ás eleccións ás Asembleas das Comunidades Autónomas, e ten carácter supletorio da lexislación autonómica na materia (artigo 1º, apartado 2º).

A lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, reformada pola lei 8/2015, do 7 de agosto, establece no seu artigo 2.2: *"Quedan sometidos á actuación do Consello de Contas, na medida necesaria para o axeitado exercicio das funcións deste órgano: b) As formacións políticas e as fundacións e entidades vinculadas ás formacións políticas ou vinculadas a elas, exclusivamente no que atinxe á xustificación das subvencións que reciban dalgunha das entidades ás que se refire o punto 1 deste artigo e sen prexuízo das competencias do Tribunal de Contas e do establecido na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos."*

Pola súa parte, a Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 165, do 31 de agosto de 2015, regula o financiamento das formacións políticas e entidades vinculadas ou dependentes delas, e establece mecanismos de control e fiscalización coas formacións políticas e as fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas e impón especiais obrigas de transparencia. Esta lei derroga o título VI da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia e modifica o seu artigo 1, que no seu apartado 2 establece que *"a materia relativa a gastos e subvencións electorais rexerase polo disposto na lei que regula o financiamento de formacións políticas e de fundacións e entidades vinculadas a elas."*

O artigo 22 da lei 9/2015 atribúe ao Consello de Contas de Galicia a función fiscalizadora de comprobación da regularidade das contabilidades electorais no seu ámbito de competencias, así como a fiscalización do cumprimento dos requisitos que esixe o artigo 17 da mesma norma ás formacións políticas beneficiarias das subvencións para gastos electorais.

O artigo 27.1 da lei 9/2015 establece que *"Dentro dos seis meses posteriores ás eleccións, o Consello de Contas emitirá informe razoado e detallado no que se pronunciará, no exercicio da súa función fiscalizadora, sobre a regularidade da contabilidade electoral, así como sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 desta lei, respecto de cada unha das formacións políticas."* No seu apartado 3 precisa que *"Se o resultado da fiscalización é favorable, o Consello de Contas propondrá, para aquelas formacións políticas que soliciten a subvención, a adxudicación desta, coa mención*



*expresa da súa contía."* De ser o caso, o Consello de Contas propoñerá a non adxudicación da subvención, a redución do seu importe ou mesmo o traslado ao Ministerio Fiscal, nos supostos descritos nos apartados 4, 5 e 7 do mesmo artigo 27.

Finalmente, o artigo 28 da citada lei establece que *"1. Dentro dos quince días seguintes ao da emisión do informe previsto no artigo anterior, o Consello de Contas elevarao ao Parlamento de Galicia, coa remisión de copias á Xunta de Galicia e ás formacións políticas afectadas. 2. Do informe tamén se dará traslado ao Tribunal de Contas."*

Na realización da fiscalización das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 12 de xullo de 2020, tivéronse en conta ademais das normas anteriormente citadas, as disposicións especificamente promulgadas con motivo das mesmas, principalmente as seguintes:

- Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións (DOG núm. 28 do 11 de febreiro de 2020).
- Orde do 11 de febreiro de 2020 (DOG núm. 30 do 13 de febreiro do 2020) pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebrarán o día 5 de abril de 2020.
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19. (BOE nº 67 do 14 de marzo de 2020).
- Decreto 45/2020, do 18 de marzo, polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada do COVID-19 (DOG núm. 54-Bis do 18 de marzo de 2020).
- Acordo do Consello de Contas do 30 de marzo de 2020 sobre consulta da Xunta Electoral de Galicia do 24 de marzo de 2020 en materia electoral.
- Decreto 72/2020, do 18 de maio, de convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia. (DOG nº 96 do 19 de maio de 2020).
- Orde do 2 de xuño de 2020 pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebrarán o día 12 de xullo de 2020 (DOG núm. 108 do 4 de xuño de 2020).
- Resolución do 17 de xullo de 2020 pola que se ordena a publicación do Acordo do 9 de xullo de 2020, do Pleno do Consello de Contas, polo que se aproba a Instrución relativa á fiscalización das contabilidades das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020. (DOG nº 149 do 27 de xullo de 2020).



- Acordo da Xunta Electoral de Galicia do 27 de xullo de 2020 polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputadas e deputados proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia do día 12 de xullo de 2020. (DOG núm. 151 do 29 de xullo de 2020).

Así mesmo se tiveron en conta os acordos comunicados ao Consello de Contas, adoptados pola Xunta Electoral de Galicia no uso das competencias que lle outorgan as leis electorais.

## 1.2. ÁMBITO SUBJECTIVO DA FISCALIZACIÓN

O artigo 23 da lei 9/2015 establece: "1. *Entre os cen e os cento vinte e cinco días posteriores ao das eleccións, as formacións políticas que reúnan os requisitos esixidos para seren beneficiarias das subvencións ou que solicitasen anticipos con cargo a estas de acordo co disposto no artigo 20 desta lei deberán presentar ante o Consello de Contas unha contabilidade detallada e documentada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais, a cal deberá axustarse ao disposto na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, así como ao plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas que elabore o Tribunal de Contas ao abeiro do indicado na disposición derradeira oitava da Lei orgánica 3/2015, do 30 de marzo, de control da actividade económico-financeira dos partidos políticos. Esta contabilidade recollerá necesariamente a orixe dos fondos e a súa aplicación e deberá ir acompañada da documentación xustificativa dos ingresos e gastos electorais.*

*Ademais, en relación cos envíos ás persoas electoras de sobres e papeletas electorais e de propaganda e publicidade electoral, as formacións políticas ás que se refire o parágrafo anterior deberán declarar de forma expresa en documento á parte o número de envíos realizados e achegar a documentación acreditativa da súa realización."*

2. *No mesmo prazo previsto no punto anterior, os partidos políticos, as federacións e as coalicións que reúnan os requisitos esixidos para seren beneficiarios das subvencións ou que solicitasen anticipos con cargo a estas de acordo co disposto no artigo 20 desta lei deberán presentar ante o Consello de Contas a seguinte documentación:*

a) *A acreditativa do cumprimento en prazo e coas obrigas establecidas en relación coa presentación das contas anuais, de acordo co establecido no artigo 14 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, correspondentes ao exercicio no que percibiron as subvencións, as cales deberán axustarse ao plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas que elabore o Tribunal de Contas ao abeiro do indicado na disposición derradeira oitava da Lei orgánica 3/2015, do 30 de marzo, de control da actividade económico-financeira dos partidos políticos.*



*b) Copia das comunicacións de doazóns de bens inmobles situados no ámbito de Galicia que lle foron remitidas ao Tribunal de Contas conforme ao disposto no punto 2 do artigo 5 da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.*

*c) Acreditación de non teren recibido doazóns de persoas físicas das previstas na letra d) do punto 1 do artigo 17 desta lei.*

Os requisitos aos que se refire o artigo 23 en relacións coas formacións políticas para seren beneficiarias das subvencións para gastos electorais os establece o artigo 17.1 cando dispón como condicións as seguintes:

a) Obteren representación parlamentaria nos termos previstos no artigo 19.

b) Non recibiren doazóns de bens inmobles situados no ámbito territorial de Galicia cando o seu valor de taxación sexa superior, no prazo dun ano, a 50.000 euros.

c) Non recibiren doazóns, por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargos de toda orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10% en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico.

d) Cumpriren coas obrigas que derivan da lexislación xeral sobre financiamento dos partidos políticos. No caso das federacións e coalicións, este requisito será aplicable tanto a estas como ás formacións políticas federadas ou coligadas.

Os administradores ou administradoras electorais das candidaturas son as persoas responsables dos seus ingresos e gastos e da súa contabilidade. A contabilidade axustarase ao disposto na materia pola Lei 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, así como o plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado polo Pleno do Tribunal de Contas o día 20 de decembro de 2018, aplicable desde o 1 de xaneiro de 2019.

As formacións políticas incluídas no ámbito de aplicación do citado artigo 23 son as seguintes:

- Partido Popular
- BNG
- Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE

Estas formacións políticas cumpriron co mandato legal presentando a súa contabilidade electoral dentro do período legalmente establecido que rematou o 14 de novembro de 2020.



### 1.3. OBXECTIVOS DA FISCALIZACIÓN

O artigo 27 da lei 9/2015 require do Consello de Contas que emita un informe razoado e detallado no que se pronunciará sobre a regularidade da contabilidade electoral, así como sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 desta lei, respecto de cada unha das formacións políticas, debendo efectualo dentro dos seis meses seguintes á celebración das eleccións.

Para cumprir este mandato legal o Pleno do Consello de Contas aprobou a realización desta fiscalización cuxos obxectivos xerais son os seguintes:

- 1.- Comprobación do cumprimento da legalidade aplicable en materia de financiamento asociado aos ingresos e gastos electorais das eleccións autonómicas do 12 de xullo de 2020.
- 2.- Asegura-la representatividade da contabilidade electoral rendida.
- 3.- Verifica-lo grao de xustificación documental dos rexistros contables.
4. Pronunciamento expreso sobre a adxudicación ou non adxudicación das subvencións electorais.

### 1.4. ALCANCE

A fiscalización tivo como obxecto verificar a regularidade das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 12 de xullo de 2020, rendidas polas formacións políticas, examinando o seu grao de axuste ao disposto na materia pola Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, así como polo plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado o 20 de decembro de 2018 polo Pleno do Tribunal de Cuentas vixente desde o 1 de xaneiro de 2019, e pola Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, prestando especial atención aos recursos, gastos e tesourería da campaña.

Os procedementos e probas de verificación das contabilidades electorais realizáronse sobre a documentación contable e xustificativa que presentaron as formacións políticas ante o Consello de Contas de Galicia, certificando a autenticidade dos datos remitidos e das copias da documentación xustificativa presentadas respecto dos seus correspondentes orixinais que conserva cada formación política a disposición do Consello de Contas, así como a adecuación dos rexistros contables á natureza económica de cada operación e a exactitude das contías rexistradas.

O alcance da fiscalización comprende todas as operacións contables e bancarias rexistradas ata a data de presentación das contabilidades electorais no Rexistro do Consello de Contas.



## 1.5. PROCEDEMENTOS DE FISCALIZACIÓN

A fiscalización levada a cabo desenvolveuse conforme ao programa de traballo axustado ás prescricións legais aplicables, que contén como procedementos e probas de verificación básicas os seguintes:

### 1. Control previo da documentación:

- Comprobación da correcta presentación da contabilidade electoral, por todas as formacións obrigadas a rendela, dentro do prazo establecido no artigo 27.1 da Lei 9/2015, que a contabilidade dos partidos, federacións ou coalicións se axuste aos principios xerais contidos no Plan de Contabilidade aplicable ás formacións políticas vixente (artigo 121.2º LOREX e 23 Lei 9/2015).
- Verificación de que a documentación contable e a demais documentación xustificativa se atope debidamente dilixenciada. (artigo 23.3 Lei 9/2015).
- Revisión da coherencia interna da contabilidade presentada.

### 2. Control previo de cumprimento dos requisitos que establece o artigo 17 da Lei 9/2015, para poder ter dereito ás subvencións para gastos electorais

- Comprobar a obtención de representación parlamentaria da respectiva formación política.
- Comprobar que as formacións políticas non recibiron doazóns de bens inmobles situados no ámbito territorial de Galicia cando o seu valor de taxación sexa superior, no prazo dun ano, a 50.000 euros.
- Comprobar que as formacións políticas non teñen recibido doazóns, por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargos de toda orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10 % en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico.
- Comprobar o cumprimento das obrigas que derivan da lexislación xeral sobre financiamento dos partidos políticos. No caso das federacións e coalicións, este requisito será aplicable tanto a estas como ás formacións políticas federadas ou coligadas.
- Comprobar que ningunha das formacións que están obrigadas a render a contabilidade electoral non incorren nas circunstancias previstas nos puntos 3 e 4 do artigo 127 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

### 3. Control dos recursos:

- Análise da orixe dos recursos aportados polos partidos (artigo 126.3 LOREX e 12 Lei 9/2015).





- Verificación do cumprimento da obriga de ingresar todos os fondos destinados a sufragar gastos electorais, calquera que sexa a súa procedencia, en contas abertas especificamente para as eleccións (artigo 125 LOREX e 12 Lei 9/2015).
- Verificación do cumprimento do límite máximo de 10.000 euros dos achegamentos e aportacións fixado no artigo 129 da LOREX e 12 da Lei 9/2015, comprobando que constan os datos de identificación esixidos no artigo 126 respecto das persoas físicas ou xurídicas que contribúan ao financiamento da campaña electoral.
- Verificación do cumprimento da prohibición de aportar fondos imposta ás administracións públicas, organismos autónomos, entidades paraestatais, empresas do sector público ou con contrato en vigor con algunha administración pública, así como ás entidades ou persoas estranxeiras (artigo 128 LOREX e 12 Lei 9/2015).

#### **4. Control dos gastos electorais:**

- Asegurar que os gastos se corresponden coas eleccións de referencia e verificar que están correctamente documentados e rexistrados na contabilidade, atendendo aos principios contables aplicables e á lexislación mercantil e fiscal.
- Verificar que os gastos electorais foron contraídos desde a data de convocatoria de eleccións ata a da proclamación de electos (artigo 130 LOREX e 14 Lei 9/2015).
- Verificar a correcta xustificación do número de envíos persoais e directos de propaganda electoral efectuados aos electores. O importe dos gastos por envíos electorais que non resulte cuberto pola subvención a percibir polo número de envíos xustificados poderán considerarse como gastos da actividade electoral ordinaria.

#### **5. Control dos límites de gastos electorais:**

- Verificar que as formacións políticas fiscalizadas non efectuaron gastos superiores ao límite imposto pola Orde do 2 de xuño de 2020 (DOG nº 108, 4 de xuño de 2020), en relación coa Orde do 11 de febreiro de 2020 (DOG nº 30, 13 de febreiro de 2020), pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020.
- Verificación do cumprimento das limitacións específicas que se impoñen sobre os gastos en publicidade electoral exterior (artigos 55.3 da LOREX e 15.6 da Lei 9/2015) e sobre gastos de publicidade en prensa periódica e emisoras de radio privadas (artigo 58 da LOREX e 15.3 da Lei 9/2015).



## 6. Control do cumprimento por terceiros das obrigas de comunicación previstas pola LOREX e a Lei 9/2015.

- Comprobar que as entidades financeiras remitiron ao Consello de Contas a información sobre os créditos electorais concedidos ás formacións políticas que se presentaron ás eleccións (artigo 133.3 LOREX e 24 Lei 9/2015).
- Comprobar que as empresas que facturaron ás formacións políticas por gastos da campaña electoral superiores a 10.000 euros, comunicaron por escrito ao Consello de Contas a realización das correspondentes prestacións (artigo 133.5 LOREX e 24 Lei 9/2015).

## 7. Control da Tesourería

- Verificación de que a apertura das contas electorais en entidades de crédito, e a súa notificación á Xunta Electoral Provincial, se levou a cabo segundo establece o artigo 124 da LOREX e o artigo 11 da Lei 9/2015.
- Comprobar que todos os fondos destinados a sufragar os gastos electorais, calquera que sexa a súa procedencia, se ingresan nas contas electorais expresamente habilitadas e todos os gastos se pagan con cargo ás mesmas (artigos 10 a 12 Lei 9/2015).
- Comprobar que os fondos das contas correntes de campaña foron dispostos dentro do prazo dos noventa días seguintes ao da celebración das eleccións (artigo 125.3 LOREX e 12 Lei 9/2015).

## 8. Control do cálculo das subvencións

- Determinar o importe da subvención para gastos electorais procedente, atendendo á fiscalización dos gastos xustificadas e ao cumprimento dos límites e requisitos que establece a do Orde do 2 de xuño de 2020 (DOG nº 108, 4 de xuño de 2020), en relación coa Orde do 11 de febreiro de 2020 (DOG nº 30, 13 de febreiro de 2020), pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020, aos límites impostos pola Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, e aos límites impostos na LOREX.

## 9. Control dos supostos de non adxudicación ou redución das subvencións electorais

- Determinar si existen supostos encadrables nos apartados 4 e 5 do artigo 27 da Lei 9/2015, de non adxudicación ou redución das subvencións electorais.
- Así mesmo, determinar si existen os supostos previstos nos apartados 6 e 7 do artigo 27 da Lei 9/2015.



- Comprobar que en ningún caso a subvención correspondente a cada formación política supera a cifra dos gastos electorais declarados xustificadas polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora (artigo 19.5 Lei 9/2015). No suposto de que os ingresos electorais habidos para a campaña electoral superasen o importe dos gastos electorais, a diferenza detraeráse da contía da subvención (artigo 19.6 Lei 9/2015).

## 10. Control dos anticipos de subvencións concedidos

- Comprobación de que a solicitude de anticipo do 30% das subvencións para gastos electorais se realiza polas formacións políticas dentro do prazo establecido (artigo 20.4 Lei 9/2015).
- Solicitude ao órgano correspondente da Administración da Comunidade Autónoma dos datos e informacións derivadas da tramitación dos anticipos do 30% de ser o caso concedidos.
- De ser o caso, comprobación dos requisitos que deben cumprir as formacións políticas na solicitude dos anticipos do 90% das subvencións electorais. (artigo 26 Lei 9/2015).

## 1.6. LIMITACIÓNS AO ALCANCE DA FISCALIZACIÓN

No transcurso desta fiscalización non se puxeron de manifesto limitacións ao alcance, téndose dado satisfacción aos obxectivos propostos.

## 2. DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS E SUBVENCIÓN PROCEDENTE

De acordo coa análise realizada no apartado 3.5 deste informe, todas as formacións políticas comprendidas nesta fiscalización deron cumprimento ao disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2015, do 7 de agosto e na Orde do 11 de febreiro de 2020 da Consellería de Facenda respecto do volume máximo de gastos electorais.

Para dar cumprimento ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, e como consecuencia do traballo realizado, tendo en conta as particularidades e propostas concretas que, no seu caso, figuran no informe específico de cada partido ou coalición, fórmase a presente declaración, detallada no cadro nº 1. Subvención procedente, comprensiva dos gastos electorais regulares xustificadas, e a cifra máxima que pode acadar a subvención pública, tanto polos votos e escanos obtidos como polo envío directo e persoal ós electores de sobres, papeletas, propaganda e publicidade electorais e da contía resultante das propostas concretas deste informe.



**Cadro 1: Subvención procedente (euros)**

| Formación política | Gastos ordinarios xustificados | Límite da subvención gastos ord. | Subvención procedente gtos ord. segundo o CContas (1) | Gastos envíos electorais xustificados | Límite da subvención envíos | Subvención procedente gtos. envíos segundo o CContas (2) | Subvención procedente Total (3)=(1)+(2) |
|--------------------|--------------------------------|----------------------------------|-------------------------------------------------------|---------------------------------------|-----------------------------|----------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| PP                 | 1.680.966,08                   | 1.415.180,82                     | <b>1.415.180,82</b>                                   | 396.845,48                            | 620.422,70                  | <b>396.845,48</b>                                        | <b>1.812.026,30</b>                     |
| BNG                | 288.072,33                     | 662.082,79                       | <b>288.072,33</b>                                     | 162.379,32                            | 620.422,70                  | <b>162.379,32</b>                                        | <b>450.451,65</b>                       |
| PSdeG-PSOE         | 1.475.306,31                   | 507.323,74                       | <b>507.323,74</b>                                     | 500.324,95                            | 620.422,70                  | <b>500.324,95</b>                                        | <b>1.007.648,69</b>                     |
| <b>Total</b>       | <b>3.447.974,72</b>            | <b>2.584.587,35</b>              | <b>2.210.576,89</b>                                   | <b>1.059.549,75</b>                   | <b>1.861.268,10</b>         | <b>1.059.549,75</b>                                      | <b>3.270.126,64</b>                     |

As cantidades percibidas como anticipos das subvencións concedidas aos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións de electores que tiveron representación parlamentaria, cómpre descontalas da subvención que corresponda (artigo 20.8 Lei 9/2015), polo que os importes líquidos pendentes de percibir polas formacións políticas de referencia son os que se detallan no cadro seguinte:

**Cadro 2: Subvención pendente de liquidar (euros)**

| Formación política | Subvención procedente total | 1º anticipo de subvención | 2º anticipo de subvención | Subvención pendente de liquidar |
|--------------------|-----------------------------|---------------------------|---------------------------|---------------------------------|
| PP                 | 1.812.026,30                | 517.302,88                | 0,00                      | <b>1.294.723,42</b>             |
| BNG                | 450.451,65                  | 98.892,18                 | 0,00                      | <b>351.559,47</b>               |
| PSdeG-PSOE         | 1.007.648,69                | 262.319,19                | 0,00                      | <b>745.329,50</b>               |
| <b>Total</b>       | <b>3.270.126,64</b>         | <b>878.514,25</b>         | <b>0,00</b>               | <b>2.391.612,39</b>             |

Réndese este informe de fiscalización no prazo establecido polo artigo 27.1 da Lei 9/2015, do 7 de agosto.

O Consello de Contas de Galicia dará cumprimento ao disposto no artigo 28 da Lei 9/2015, trasladando este informe de fiscalización ao Parlamento de Galicia coa remisión de copias á Xunta de Galicia e ás formacións políticas afectadas. Do informe tamén se dará traslado ao Tribunal de Contas.



### 3. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

#### 3.1. RESULTADOS ELECTORAIS

O artigo 2 do Decreto 72/2020, do 18 de maio, de convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia, dispón que en aplicación do artigo 9 da LEPG, o número de deputados a elixir é de 75, distribuídos nas circunscricións de A Coruña (25), Lugo (14), Ourense (14) e Pontevedra (22).

No Acordo do 27 de xullo de 2020 da Xunta Electoral de Galicia polo que se fan públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputadas e deputados proclamados electos nas eleccións ao Parlamento de Galicia do día 12 de xullo de 2020, fanse públicos os resultados xerais e por circunscricións e a relación de deputados e deputadas proclamados electos nestas eleccións.

**Cadro 3: Resultados xerais**

| Censo electoral e participación |           |
|---------------------------------|-----------|
| Censo de electores              | 2.697.490 |
| Participación                   | 1.320.955 |
| Abstención                      | 1.376.535 |
| Votos a candidaturas            | 1.297.175 |
| Votos en branco                 | 11.774    |
| Votos válidos                   | 1.308.949 |
| Votos nulos                     | 12.006    |

**Cadro 4: Reparto de votos**

| Formación política                                 | Votos obtidos    | Número de electos |
|----------------------------------------------------|------------------|-------------------|
| <b>PARTIDO POPULAR</b>                             | <b>627.762</b>   | <b>42</b>         |
| <b>BNG</b>                                         | <b>311.340</b>   | <b>19</b>         |
| <b>PSdeG-PSOE</b>                                  | <b>253.750</b>   | <b>14</b>         |
| PODEMOS-ESQUERDA UNIDA-ANOVA                       | 51.630           | ----              |
| VOX                                                | 26.797           | ----              |
| CIUDADANOS PARTIDO DE LA CIUDADANIA                | 9.840            | ----              |
| PACMA                                              | 6.057            | ----              |
| EN MAREA-COMPROMISO POR GALICIA-PARTIDO GALEGUISTA | 2.883            | ----              |
| RECORTES CERO-ESCO-OV-M                            | 1.835            | ----              |
| EQUO                                               | 956              | ----              |
| PCTG                                               | 896              | ----              |
| PUM+J                                              | 813              | ----              |
| EB                                                 | 559              | ----              |
| ADCG                                               | 559              | ----              |
| UNIDOS SI-UDP-DEF                                  | 533              | ----              |
| PARTIDO LIBERTARIO                                 | 312              | ----              |
| CCD-AU.TO.NO.MO                                    | 266              | ----              |
| UPYD                                               | 230              | ----              |
| CONTIGO                                            | 117              | ----              |
| CONVERXENCIA VINTEÚN                               | 40               | ----              |
| <b>Total</b>                                       | <b>1.297.175</b> | <b>75</b>         |



Cadro 5: Reparto de escanos

| Número de electos por provincia |           |           |            |           |
|---------------------------------|-----------|-----------|------------|-----------|
|                                 | PP        | BNG       | PSdeG-PSOE | TOTAL     |
| Coruña, A                       | 14        | 7         | 4          | 25        |
| Lugo                            | 9         | 3         | 2          | 14        |
| Ourense                         | 8         | 3         | 3          | 14        |
| Pontevedra                      | 11        | 6         | 5          | 22        |
| <b>Galicia</b>                  | <b>42</b> | <b>19</b> | <b>14</b>  | <b>75</b> |

### 3.2. TIPOS DE SUBVENCIONS E LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN

Na Lei 9/2015, do 7 de agosto, contéplanse dous tipos de subvencións electorais. O apartado 1º do seu artigo 19 dispón que a Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais de acordo coas seguintes regras:

- Subvención por cada escano obtido no Parlamento de Galicia. (20.889,10€)
- Subvención por voto conseguido por cada candidatura que obteña, polo menos, un escano de deputado ou deputada. (0,77€)

No apartado 2 deste mesmo artigo 19, se establece que “Para os gastos ocasionados polo envío directo e persoal ás persoas electoras de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral, a contía da subvención será de vinte e dous céntimos de euro (0,22 €) por persoa electora comprendida na circunscrición ou circunscricións nas que a formación política presentase candidatura, sempre que a candidatura de referencia obteña representación parlamentaria.

As cantidades das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia do día 5 de abril de 2020 actualizáronse pola Orde da Consellería de Facenda do 11 de febreiro de 2020, que estableceu o seguinte:

*“Artigo único- As cantidades ás que se refire o artigo 19 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes, unha vez actualizadas, serán as seguintes:*

- Subvención de vinte e un mil setecentos trinta e sete euros con corenta e un céntimos (21.737,41 €) por cada escano obtido.*
- Subvención de oitenta céntimos de euro (0,80 €) por cada un dos votos conseguidos por cada candidatura se, polo menos, un dos membros dela obtivo escano de deputado.*



3. Ademais das subvencións a que se refiren os números anteriores, a Comunidade Autónoma subvencionará aos partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores polos gastos ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou propaganda e publicidade electoral, a razón de vinte e tres céntimos de euro (**0,23 €**) por elector, sempre que a candidatura de referencia obteña representación.

4. O límite dos gastos electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por sesenta e cinco céntimos de euro (**0,65 €**) o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito da circunscrición onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores.

Para o cálculo do devandito límite non se incluírán as contías subvencionadas de acordo co número 3 anterior."

A Orde do 2 de xuño de 2020 pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia que se celebrarán o día 12 de xullo de 2020, establece no seu artigo único: "As contías ás que se refire o artigo 19 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, de cara á convocatoria de eleccións ao Parlamento de Galicia para o doce de xullo de 2020 serán as establecidas na Orde do 11 de febreiro de 2020 pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais para as eleccións ao Parlamento de Galicia que terán lugar o 5 de abril de 2020, publicada no DOG núm. 30, do 13 de febreiro de 2020."

### 3.3. DETERMINACIÓN DO IMPORTE MÁXIMO DAS SUBVENCIÓNS

A aplicación das contías establecidas pola Orde do 11 de febreiro de 2020, da Consellería de Facenda, aos resultados electorais comporta a seguinte distribución das subvencións públicas máximas:

**Cadro 6: Subvencións máximas por votos e escanos (euros)**

| Formación política | Votos obtidos    | Euros/voto  | Subvención votos (1) | Número de electos | Euros/escano     | Subvención escanos (2) | Total (1)+(2)       |
|--------------------|------------------|-------------|----------------------|-------------------|------------------|------------------------|---------------------|
| PP                 | 627.762          | 0,80        | 502.209,60           | 42                | 21.737,41        | 912.971,22             | 1.415.180,82        |
| BNG                | 311.340          | 0,80        | 249.072,00           | 19                | 21.737,41        | 413.010,79             | 662.082,79          |
| PSdeG - PSOE       | 253.750          | 0,80        | 203.000,00           | 14                | 21.737,41        | 304.323,74             | 507.323,74          |
| <b>Total</b>       | <b>1.192.852</b> | <b>0,80</b> | <b>954.281,60</b>    | <b>75</b>         | <b>21.737,41</b> | <b>1.630.305,75</b>    | <b>2.584.587,35</b> |



Cadro 7: Subvención máxima por envíos electorais

| Candidaturas          | Número máximo de electores | Euros/elector | Subvención máxima (€) |
|-----------------------|----------------------------|---------------|-----------------------|
| PP / BNG / PSdeG-PSOE | 2.697.490                  | 0,23          | 620.422,70            |

Cadro 8: Subvencións máximas totais

| Candidatura  | Subvención por votos (1) | Subvención por escanos (2) | Subvención por envíos electorais (3) | Subvencións máximas totais (1)+(2)+(3) |
|--------------|--------------------------|----------------------------|--------------------------------------|----------------------------------------|
| PP           | 502.209,60               | 912.971,22                 | 620.422,70                           | 2.035.603,52                           |
| BNG          | 249.072,00               | 413.010,79                 | 620.422,70                           | 1.282.505,49                           |
| PSdeG - PSOE | 203.000,00               | 304.323,74                 | 620.422,70                           | 1.127.746,44                           |
| <b>Total</b> | <b>954.281,60</b>        | <b>1.630.305,75</b>        | <b>1.861.268,10</b>                  | <b>4.445.855,45</b>                    |

Os importes máximos das subvencións están supeditados a que xustifiquen os gastos como regulares, de conformidade co disposto no artigo 127 da LOREX e 19.5 da Lei 9/2015, porque en ningún caso, a subvención correspondente a cada formación política poderá superar a cifra dos gastos electorais declarados xustificadas polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora.

### 3.4. ADIANTOS OU ANTICIPOS DAS SUBVENCIÓNS

O artigo 20 da Lei 9/2015, do 7 de agosto, establece que "1. A Comunidade Autónoma de Galicia concederá anticipos das subvencións mencionadas aos partidos, ás federacións e ás coalicións que os soliciten e que obtivesen subvencións nas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia, agás que se visen privados delas con posterioridade. 2. A cantidade anticipada non poderá exceder o 30% da subvención total por gastos electorais percibida polo mesmo partido, federación ou coalición naquelas eleccións."

Cadro 9: Anticipo da subvención

| Formación política | Subvención 2016     | Anticipo 30%      |
|--------------------|---------------------|-------------------|
| PP                 | 1.724.342,93        | 517.302,88        |
| BNG                | 329.640,59          | 98.892,18         |
| PSdeG - PSOE       | 874.397,30          | 262.319,19        |
| <b>Total</b>       | <b>2.928.380,82</b> | <b>878.514,25</b> |

Estes importes coinciden, en cada un dos casos, co límite do 30% legalmente establecido, calculado sobre as subvencións outorgadas nas eleccións do 25 de setembro de 2016 ao Parlamento de Galicia.

A normativa reguladora tamén reconece ás formacións políticas beneficiarias de subvencións para gastos electorais a posibilidade de obter un anticipo de ata o 90% do importe da subvención.





En efecto, o artigo 133.4 da LOREX establece: "O Estado (Comunidade Autónoma), no prazo de 30 días posterior á presentación ante o Tribunal de Cuentas (Consello de Contas) da súa contabilidade e en concepto de adianto mentres non conclúan as actuacións do Tribunal de Cuentas (Consello de Contas), entregará aos administradores electorais o 90% do importe das subvencións que, de acordo cos criterios establecidos na presente Lei cos resultados xerais publicados no BOE (DOG), descontado, no seu caso, o anticipo a que se refire o apartado 1 do artigo 127.bis desta Lei.

Dispón este artigo que para poder recibir o anticipo os partidos, coalicións e federacións deberán presentar aval bancario polo 10% da subvención percibida e certificación acreditativa da adquisición, polos electos pertencentes á formación política, da condición plena de Deputado.

Pola súa parte, o artigo 26 da Lei 9/2015 establece que *"Mentres non conclúan as actuacións de fiscalización do Consello de Contas, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma concederá anticipos do 90% do importe das subvencións que, correspondan ás formacións políticas en función dos resultados das eleccións publicados e do número de envíos a persoas electoras de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral declarados como efectuados por cada unha delas, e deberá descontarse, de ser o caso, o importe do anticipo ao que se refire o artigo 20 desta lei."*

Para poder obter o anticipo do 90%, a Lei 9/2015 é máis esixente, sendo necesario para a concesión deste anticipo que entre os 100 e os 125 días posteriores á celebración das eleccións o Consello de Contas comunique á Xunta de Galicia a relacións de formacións políticas que cumpriron os seguintes requisitos (artigo 26.2):

- Contabilidade detallada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais, que deberá estar axustada ao disposto na Lei Orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, e tamén axustada ao Plan de Contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado polo Tribunal de Contas o 20 de decembro de 2018.
- Estado de orixe e aplicación de fondos.
- Documentación xustificativa dos ingresos e gastos electorais
- Documento aparte onde conste o número de envíos a electores de propaganda electoral e documentación acreditativa da súa realización.
- Documentación acreditativa do cumprimento en prazo e coas obrigacións establecidas en relación coa presentación das contas anuais, conforme establece o artigo 14 da Lei 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos, correspondente ao exercicio no que percibiron as subvencións as cales deberán axustarse ao Plan de Contabilidade Adaptado ás Formacións Políticas aprobado polo Tribunal de Contas o 20 de decembro de 2018.



- Copia das comunicacións de doazóns de bens inmoables situados en Galicia que lle foron remitidas ao Tribunal de Contas en cumprimento dos artigos 5.2 da Lei Orgánica 8/2007, e 17.1.b) da Lei 9/2015 sobre financiamento dos partidos políticos.

- Acreditación de non percibir doazóns de persoas físicas das previstas na letra c) do artigo 17.1 da Lei 9/2015: *"Non recibiren doazóns, por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargos de todo orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10% en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico"*.

As formacións políticas deberán cumprir, así mesmo, diante da Xunta de Galicia, dous requisitos máis recollidos na Lei 9/2015:

- Artigo 26.2 b) A constitución por parte das formacións políticas dunha garantía por importe correspondente ao 10 % da subvención que, de acordo cos criterios establecidos neste capítulo, lles correspondería en función dos resultados das eleccións publicados e do número de envíos a persoas electoras de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral declarados como efectuados por cada unha delas. No caso de impugnación dos resultados electorais publicados, de ser tal impugnación estimada por sentenza firme, haberá que aterse aos termos que resulten da dita sentenza.
- Artigo 26.2 c) A adquisición por parte das persoas electas das ditas formacións da condición plena de deputado ou deputada e o exercicio efectivo por parte das ditas persoas do cargo para o que sexan elixidas.

A requirimento deste Consello a Xunta de Galicia comunicou o estado da tramitación dos anticipos de subvencións aos partidos políticos.

Da documentación remitida pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza derívase:

1º) Que o primeiro anticipo do 30% da subvención electoral foi pagado nas cantidades correspondentes ás formacións políticas que tiñan dereito a ilo conforme ao detalle que figura no cadro nº 9 deste informe de fiscalización.

2º) Que o 10 de novembro de 2020 o Partido Popular solicitou a concesión do anticipo do 90% da subvención electoral á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Así mesmo, o 19 de novembro de 2020 o Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE solicitaron tamén a concesión do anticipo do 90% da subvención electoral. Estas dúas solicitudes de anticipo efectuáronse



dentro do prazo establecido no artigo 26.4 da Lei 9/2015 e atópanse en trámite no momento da emisión deste informe de fiscalización.

### 3.5. LÍMITE MÁXIMO DE GASTOS ELECTORAIS

O artigo 15.1 da Lei 9/2015, establece que: O límite dos gastos electorais nas eleccións ao Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar sesenta e cinco céntimos de euro (0,65 €), importe actualizado conforme á Orde do 11 de febreiro de 2020 da Consellería de Facenda, polo número de habitantes correspondente á poboación de dereito da circunscrición na que presente as súas candidaturas cada formación política. Para a aplicación desta fórmula teranse en conta as cifras de poboación resultantes da última revisión do padrón municipal de habitantes oficialmente aprobada.

Pola súa parte, o artigo único.4 da Orde do 11 de febreiro de 2020 da Consellería de Facenda, reguladora das cantidades actualizadas das subvencións por gastos electorais obxecto de fiscalización recolle a mesma previsión, engadindo que para o cálculo do devandito límite non se incluírán as contías das subvencións correspondentes ao envío directo e persoal aos electores de sobres e papeletas electorais ou propaganda e publicidade electoral.

Os datos do Padrón municipal de habitantes en vigor na data da celebración das eleccións foron os declarados polo Real Decreto 743/2019, de 20 de decembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de xaneiro de 2019.

De acordo con estes datos os límites dos gastos electorais fíxanse nas contías seguintes:

**Cadro 10: Límite de gasto por circunscrición**

| Circunscrición | Poboación 01.01.2019 | €/habitante | Límite de gasto (€) |
|----------------|----------------------|-------------|---------------------|
| Coruña, A      | 1.119.596            | 0,65        | 727.737,40          |
| Lugo           | 329.587              | 0,65        | 214.231,55          |
| Ourense        | 307.651              | 0,65        | 199.973,15          |
| Pontevedra     | 942.665              | 0,65        | 612.732,25          |
| <b>Galicia</b> | <b>2.699.499</b>     | <b>0,65</b> | <b>1.754.674,35</b> |

O límite máximo de gastos da Comunidade Autónoma no seu conxunto, sen ter en conta os gastos correspondentes ao envío aos electores de sobres e papeletas electorais ou publicidade e propaganda, é aplicable a tódalas formacións políticas analizadas, ao concorreren todas elas aos comicios nas catro circunscricións.

De seguido figura o detalle do límite máximo de gastos desde as eleccións autonómicas de Galicia celebradas desde 1997 ata 2020.



**Cadro 11: Histórico do límite de gasto electoral**

| Ano  | Poboación | Límite de gasto por habitante | Límite de gasto |
|------|-----------|-------------------------------|-----------------|
| 1997 | 2.825.020 | 0,41                          | 1.158.258,20    |
| 2001 | 2.731.900 | 0,46                          | 1.256.674,00    |
| 2005 | 2.750.985 | 0,52                          | 1.430.512,20    |
| 2009 | 2.784.169 | 0,58                          | 1.614.818,02    |
| 2012 | 2.795.422 | 0,46                          | 1.285.894,12    |
| 2016 | 2.732.347 | 0,62                          | 1.694.055,14    |
| 2020 | 2.699.499 | 0,65                          | 1.754.674,35    |

O límite máximo de gastos nas eleccións de 2020 aumentou respecto ao das anteriores eleccións de 2016 aproximadamente un 3,58%, pasando dun gasto de 0,62 euros por habitante a 0,65 euros por habitante.

O volume máximo de gastos electorais para cada formación política respecto das eleccións de 2020 ascendería a 2.375.097,05 euros, conforme ao seguinte detalle:

**Cadro 12: Volume máximo de gasto para cada formación política**

| Concepto                                              | Importe             |
|-------------------------------------------------------|---------------------|
| Importe máximo dos gastos por operacións ordinarias   | 1.754.674,35        |
| Subvención máxima por envíos directos a electores (1) | 620.422,70          |
| <b>Total</b>                                          | <b>2.375.097,05</b> |

En ningún caso a subvención correspondente a cada formación política poderá superar a cifra dos gastos electorais declarados xustificadas polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora (artigo 19.5 Lei 9/2015).

No suposto de que os ingresos electorais incorridos na campaña electoral superasen o importe dos gastos electorais, a diferenza detraeráse da contía da subvención (artigo 19.6 Lei 9/2015).

A LOREX impón outros dous límites de obrigado cumprimento:

Artigo 55. Límites aos gastos en publicidade electoral exterior. “1. Os concellos terán a obriga de reservar lugares especiais gratuitos para a colocación de carteis e, no seu caso, pancartas e carteis colgados a postes ou farolas polo sistema chamado de banderolas. A propaganda a través das pancartas e banderolas só poderá colocarse nos lugares reservados como gratuitos polos concellos.

....

3. O gasto das candidaturas neste tipo de publicidade non poderá exceder do 20 por cento do límite de gastos previsto nos artigos 175.2, 193.2 e 227.2, segundo o proceso electoral de que se trate.”



Artigo 58. Límite dos gastos de publicidade en prensa periódica e nas emisoras de radio privadas. "1. *As candidaturas terán dereito a realizar publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada sen que os gastos realizados nesta publicidade podan superar o 20 por cento do límite de gasto previsto para os partidos, agrupacións, coalicións ou federacións e as candidaturas nos artigos 175.2, 193.2 e 227,2, segundo o proceso electoral de que se trate.*"

Estes límites son aplicables ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020, en virtude do disposto nos artigos:

15.6 da Lei 9/2015. Límite aos gastos en publicidade electoral exterior. "6. *Será aplicable ás eleccións ao Parlamento de Galicia o límite recollido no artigo 55.3 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*"

15.3 da Lei 9/2015. Límite dos gastos de publicidade en prensa periódica e nas emisoras de radio privadas. "3. *De conformidade co indicado no artigo 58 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada non poderán superar o 20 % do límite de gastos previsto no número 1 deste artigo.*"

Na súa consecuencia, os gastos a realizar polas formacións políticas nos indicados conceptos de gastos en publicidade exterior non poderán ser superiores ao 20% da cifra de gastos suxeitos a límite que é de 1.754.674,35 euros, que ascende a 350.934,87 euros.

Pola súa parte e do mesmo xeito, os gastos en prensa periódica e emisoras de radio privada non poderán superar o mesmo límite de 350.934,87 euros.

### 3.6. ACTUACIÓNS DAS XUNTAS ELECTORAIS

O artigo 132.1 da LOREX, prevé que desde a data de convocatoria ata o centésimo día posterior á celebración das eleccións, as Xuntas Electorais velarán polo cumprimento das normas establecidas en dita Lei sobre gastos e subvencións electorais, engadindo o apartado 5 que "*así mesmo as Xuntas Electorais informarán ao Tribunal de Contas dos resultados da súa actividade fiscalizadora*".

Consonte ao regulado nesta materia pola LOREX, o artigo 21 da Lei 9/2015 establece que desde a data da convocatoria ata o centésimo día posterior ao da celebración das eleccións, a Xunta Electoral de Galicia (XEG) velará polo cumprimento das normas establecidas nos artigos 5 ao 20 da Lei no Capítulo dedicado ao financiamento electoral, e para estes efectos correspóndelle o control da contabilidade electoral, podendo solicitar a colaboración do Consello de Contas.

Así mesmo, establece que a Xunta Electoral de Galicia informará ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia dos resultados da súa actividade fiscalizadora (artigo. 21.6 Lei 9/2015).



A Xunta Electoral de Galicia comunicou ao Consello de Contas os seguintes extremos:

- O nome dos Administradores Xerais dos partidos políticos.
- Os datos das contas correntes abertas nas Entidades Financeiras.
- Os préstamos e créditos solicitados e a súa afectación á subvención.
- As formacións políticas que solicitaron á Xunta de Galicia o anticipo do 30% da subvención para gastos electorais.

Para dar cumprimento ao disposto nos artigos 21.6 da Lei 9/2015 e 132.5 da LOREX, o Consello de Contas solicitou por escrito o 20 de novembro de 2020 á Xunta Electoral de Galicia, informe sobre os resultados da súa actividade fiscalizadora.

O 27 de novembro de 2020, recibíuse escrito da XEG que traslada ao Consello de Contas o seguinte acordo: *"Comunicar ao Consello de Contas de Galicia que a Xunta Electoral de Galicia non realizou actuacións fiscalizadoras en relación coas eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 12 de xullo de 2020, por non poñerse no seu coñecemento feito algún que esixira tal actuación fiscalizadora.*

*Igualmente comunicar que as Xuntas Electorais provinciais teñen informado a esta Xunta Electoral de Galicia de que tampouco realizaron actividade fiscalizadora algunha."*

#### 4. REGULARIDADE DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS

Nos subapartados seguintes, pónense de manifesto os resultados da fiscalización que inclúe a opinión de auditoría sobre a representatividade das contabilidades electorais de cada unha das formacións políticas comprendidas no alcance desta fiscalización.

Formúlanse de xeito diferenciado para cada unha das formacións políticas os resultados da fiscalización efectuada para dar satisfacción aos obxectivos propostos, en materia de: documentación achegada, recursos financeiros, gastos electorais por operacións ordinarias, gastos por envíos electorais, cálculo do límite de gastos electorais, verificación do cumprimento dos artigos 133.4 e 133.5 da LOREX (artigo 24 da Lei 9/2015) da obriga de remisión de información por parte das entidades concedentes de créditos e provedores, tesourería da campaña, fondos líquidos, intereses devindicados, contas bancarias, prazo dos pagamentos (artigo 125 LOREX e artigo 10.1 Lei 9/2015), cálculo do límite máximo da subvención, pronunciamento sobre proposta de non adxudicación ou de redución das subvencións electorais, conclusións e opinión de auditoría sobre a contabilidade electoral con formulación do importe da proposta de subvención definitiva.





## 4.1. PARTIDO POPULAR

### 4.1.1. DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

Dando cumprimento ao disposto no artigo 23.1 da Lei 9/2015, a formación política presentou a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 2020, que foi inscrita, por un lado, no Rexistro xeral de entrada o 19 de outubro de 2020 co número 627 e, por outro, no Rexistro telemático de entrada na mesma data cos números 1362 e 1363 e o 20 de outubro de 2020 cos seguintes números 1366 a 1388, 1390 e 1393 a 1396.

Os resultados da fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos detállanse nos apartados seguintes.

### 4.1.2. INGRESOS E GASTOS DA CAMPAÑA ELECTORAL

O Administrador electoral nomeado pola formación política ten presentado as seguintes cifras de ingresos e gastos electorais derivadas dos rexistros contables:

**Cadro 13: Ingresos e gastos electorais declarados PP**

| Ingresos e gastos declarados | Euros           |
|------------------------------|-----------------|
| Ingresos totais              | 2.081.077,88    |
| Gastos totais                | 2.077.871,62    |
| <b>Diferenza</b>             | <b>3.206,26</b> |

### 4.1.3. INGRESOS DA CAMPAÑA ELECTORAL

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo PP para a súa campaña electoral ascenden a 2.081.077,88 euros.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

**Cadro 14: Recursos financeiros declarados PP**

| Recursos financeiros declarados             | Euros               |
|---------------------------------------------|---------------------|
| Aportacións de persoas físicas ou xurídicas | 0,00                |
| Operacións de endebedamento                 | 0,00                |
| Anticipos da Administración                 | 517.302,88          |
| Aportacións do partido                      | 1.563.775,00        |
| Ingresos financeiros                        | 0,00                |
| Outros ingresos                             | 0,00                |
| <b>Recursos financeiros totais</b>          | <b>2.081.077,88</b> |

Non consta que houbera contribucións de persoas físicas ou xurídicas, nin operacións de endebedamento.



Así mesmo, o financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas en 2016, tal como dispoñen os artigos 127 bis da LOREX e o 20 da Lei 9/2015. O importe contabilizado por este concepto ascende a 517.302,88 euros, cantidade que coincide coa transferida pola Xunta de Galicia.

A xustificación da procedencia dos fondos aportados polo partido consta nunha declaración responsable asinada ao efecto polo administrador electoral.

A formación política recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados, aplicando o principio de devindicación de acordo co artigo 121.2 da LOREX. Este recoñecemento fíxose mediante un cargo, por importe de 1.294.723,42 euros, na subconta 4201-Administracións públicas debedoras por subvencións electorais, e abono nas contas 721-Subvención por resultados electorais e 722-Subvención por envíos electorais, por importes de 1.002.209,80 euros e 292.513,62 euros, respectivamente.

#### 4.1.4. GASTOS ELECTORAIS

##### 4.1.4.1. Gastos por operacións ordinarias

O PP presentou os seus estados contables separando as operacións ordinarias das que corresponden aos envíos electorais.

Os gastos por operacións ordinarias declarados polo PP ascenderon a 1.681.026,14 euros, agrupándose nos seguintes conceptos:

**Cadro 15: Gastos por operacións ordinarias PP**

| Gastos por operacións ordinarias                                                               | Euros               |
|------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| <b>A) Gastos declarados</b>                                                                    | <b>1.681.026,14</b> |
| Gastos de publicidade exterior                                                                 | 346.538,59          |
| Gastos de publicidade en prensa e radio                                                        | 310.013,57          |
| Gastos financeiros liquidados                                                                  | 0,00                |
| Estimación de gastos financeiros                                                               | 0,00                |
| Outros gastos ordinarios                                                                       | 1.024.473,98        |
| <b>B) Gastos reclasificados netos</b>                                                          | <b>0,00</b>         |
| <b>C) Gastos irregulares</b>                                                                   | <b>60,06</b>        |
| Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificandos                                     | 0,00                |
| Gastos fora de prazo                                                                           | 0,00                |
| Gastos de natureza non electoral                                                               | 60,06               |
| <b>D) Gastos por envíos de propaganda electoral xustificandos non cubertos pola subvención</b> | <b>0,00</b>         |
| <b>E) Total gastos electorais ordinarios xustificandos (A) + (B) - (C) + (D)</b>               | <b>1.680.966,08</b> |

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.





Respecto a estes gastos ordinarios de campaña, o Consello de Contas realiza as seguintes observacións:

Na conta 6529018100021-Gastos viaxes estancias actividade electoral, existen 10 facturas que inclúen 12 almozos ( $4.55 \times 1.10 \text{ (IVE)} \times 12 = 60,06$ ), o importe total das mesmas por este concepto ascende a 60,06 euros IVE incluído. Este importe non é subvencionable.

De todo o exposto derívase que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificados polo PP elévase a 1.680.966,08 euros.

#### 4.1.4.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de propaganda electoral, que figuran rexistrados na contabilidade presentada polo PP ascenderon a 396.845,48 euros.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

**Cadro 16: Gastos por envíos de propaganda electoral PP**

| Gastos por envío de propaganda electoral                                  | Euros             |
|---------------------------------------------------------------------------|-------------------|
| <b>A) Gastos declarados</b>                                               | <b>396.845,48</b> |
| Gastos financeiros liquidados                                             | 0,00              |
| Estimación de gastos financeiros                                          | 0,00              |
| Outros gastos de envío                                                    | 396.845,48        |
| <b>B) Gastos reclasificados netos</b>                                     | <b>0,00</b>       |
| <b>C) Gastos irregulares</b>                                              | <b>0,00</b>       |
| Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas                 | 0,00              |
| Gastos fora de prazo                                                      | 0,00              |
| Gastos de natureza non electoral                                          | 0,00              |
| <b>D) Total gastos electorais por envíos xustificadas (A) + (B) - (C)</b> | <b>396.845,48</b> |
| <b>E) Número de envíos xustificadas con dereito a subvención</b>          | <b>2.167.773</b>  |
| Importe subvencionable por envío                                          | 0,23              |
| Importe subvencionable por envíos realizados                              | 498.587,79        |
| Límite legal por envíos                                                   | 620.422,70        |
| <b>F) Gastos por envíos xustificadas non cubertos pola subvención</b>     | <b>0,00</b>       |

Conforme ao disposto no artigo único.3 da Orde do 11 de febreiro de 2020, da Consellería de Facenda, os gastos desta natureza non poden exceder do resultado de multiplicar 0,23 euros polo número de electores que foi de 2.697.490. En consecuencia non serán superiores a 620.422,70 euros.

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables concluíndose que o total dos gastos regulares xustificadas ascende á cantidade de 396.845,48 euros, importe que non supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto atendendo ao número de envíos xustificadas.



#### 4.1.5. LÍMITE DOS GASTOS ELECTORAIS

O límite máximo de gastos determinouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 1.754.674,35 euros, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións electorais.

A formación política declarou gastos electorais ordinarios por importe de 1.681.023,14 euros, dos que teñen a consideración de gastos subvencionables 1.680.966,08 euros. A este importe haille que sumar, só a efectos do límite de gastos, os gastos electorais detectados polo Consello de Contas de Galicia que non foron declarados na contabilidade presentada e que ascenden a 938,96 euros. En consecuencia, só a efectos do límite de gastos, os gastos a considerar ascenden a 1.681.905,04 euros, importe que non supera o límite máximo de gastos, que establece o artigo 15.1 da Lei 9/2015.

Ademais, o apartado 3 do citado artigo 15, de conformidade co indicado no artigo 58 da LOREX, establece que os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada non poderán superar o 20% do límite de gastos previsto no artigo 15.1.

Nos mesmos termos, o artigo 15.6 da Lei 9/2015 recolle que será aplicable ás eleccións ao Parlamento de Galicia o límite que establece o artigo 55.3 da LOREX respecto dos gastos en publicidade exterior, non podendo exceder o 20% do límite de gastos electorais.

En consecuencia, tanto os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada como os gastos de publicidade exterior non poderán superar o importe de 350.934,87 euros. O importe dos gastos electorais declarados por estes conceptos ascenden a 310.013,57 euros e 346.538,59 euros, respectivamente, polo que non superan o límite establecido.

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

**Cadro 17: Límites de gastos electorais PP**

| Límites de gastos electorais                                       | Euros        |
|--------------------------------------------------------------------|--------------|
| Límite máximo de gastos electorais                                 | 1.754.674,35 |
| Gastos a considerar a efectos do límite                            | 1.681.905,04 |
| <b>Exceso no límite máximo de gastos electorais</b>                | <b>NON</b>   |
| Límite de gastos de publicidade en prensa e radio                  | 350.934,87   |
| Gastos a considerar a efectos do límite                            | 310.013,57   |
| <b>Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio</b> | <b>NON</b>   |
| Límite de gastos de publicidade exterior                           | 350.934,87   |
| Gastos a considerar a efectos do límite                            | 346.538,59   |
| <b>Exceso no límite de gastos de publicidade exterior</b>          | <b>NON</b>   |

Dos datos que figuran no cadro anterior dérivase que os gastos contabilizados por esta formación política non superan os límites legalmente previstos.





#### 4.1.6. OBRIGAS DE COMUNICACIÓN DE ENTIDADES FINANCEIRAS E PROVEDORES

Dos vinte e cinco acredores por prestación de servizos que, segundo a contabilidade electoral, facturaron gastos electorais superiores a 10.000 euros, só un non cumpriu coa obriga de informar imposta polos artigos 133.5 da LOREX e 24 da Lei 9/2015. Contactouse co referido acredor téndose recibido a relación de facturas que coincide cos rexistros contables.

#### 4.1.7. TESOURERÍA DA CAMPAÑA

##### Fondos líquidos

A formación política contadante abriu unha conta bancaria debidamente comunicada a través da Xunta Electoral de Galicia.

Conta nº \*\*\*\* 3380 da campaña electoral.

Todos os cobros e pagamentos contabilizados fixéronse por medio da conta corrente aberta para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX e artigo 10 da Lei 9/2015.

O resumo das conclusións alcanzadas nesta área é o seguinte:

##### Cadro 18: Tesourería PP

| Tesourería de campaña                                                |     |
|----------------------------------------------------------------------|-----|
| Conta bancaria electoral                                             | SI  |
| Fondos non ingresados na conta electoral                             | NON |
| Gastos pagados con cargo a contas non electorais                     | NON |
| Pagamentos fora do prazo previsto no art.125.3 LOREX e 12 Lei 9/2015 | NON |
| Débeda cos provedores                                                | NON |

##### Contas bancarias

Na data de rendición da contabilidade electoral, a conta corrente nº \*\*\*\* 3380, que rexistra os movementos da campaña electoral, presenta un saldo de 3.206,26 euros a data 14 de setembro de 2020.

##### Xuros devindicados

O Partido Popular non contratou ningunha póliza de crédito para este proceso electoral.

##### Débedas

Na data de peche da contabilidade electoral rendida ao Consello de Contas, non existen débedas con provedores.



## Prazo dos pagamentos

Todos os pagamentos se fixeron dentro do prazo dos noventa días seguintes ao da votación regulado no artigo 125.3 da LOREX e 10.1 da Lei 9/2015.

### 4.1.8. DETERMINACIÓN DO LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN PP

Como resultado das verificacións, probas de control e cálculos realizados a subvención máxima por gastos electorais á que ten dereito esta formación política detállase no cadro seguinte:

**Cadro 19: Subvencións electorais PP**

| Liquidación                                       | Euros               |
|---------------------------------------------------|---------------------|
| Subvención máxima por gastos ordinarios           | 1.415.180,82        |
| Gastos ordinarios xustificados                    | 1.680.966,08        |
| <b>A) Subvención que correspondería</b>           | <b>1.415.180,82</b> |
| Subvención máxima por gastos de envíos electorais | 498.587,79          |
| Gastos por envíos electorais xustificados         | 396.845,48          |
| <b>B) Subvención que correspondería</b>           | <b>396.845,48</b>   |
| <b>Subvención procedente (A) + (B)</b>            | <b>1.812.026,30</b> |

O Consello de Contas, dando cumprimento ao disposto no artigo 27.3 da Lei 9/2015, considera que ao volume de gastos electorais fiscalizados correspóndelle unha subvención electoral de 1.812.026,30 euros.

### 4.1.9. CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS FINANCEIRAS XERAIS DAS SUBVENCIÓNS

A normativa reguladora instrumenta as subvencións dos gastos electorais como medidas que tratan de financiar unha parte dos custos de concorrencia das formacións políticas ás eleccións autonómicas.

Na súa consecuencia, a Lei 9/2015 establece dúas condicións respecto do outorgamento de subvencións dos gastos electorais, que regula no artigo 19.5 e 19.6.

O artigo 19.5 establece que *"En ningún caso a subvención correspondente a cada formación política poderá superar a cifra dos gastos electorais declarados xustificados polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora"*.



**Cadro 20: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) PP**

| Liquidación                                   | Euros               |
|-----------------------------------------------|---------------------|
| Gastos xustificados por operacións ordinarias | 1.680.966,08        |
| Gastos xustificados por envíos electorais     | 396.845,48          |
| <b>Gastos totais xustificados</b>             | <b>2.077.811,56</b> |
| <b>Subvención procedente</b>                  | <b>1.812.026,30</b> |

Do cadro anterior se deriva que a subvención que procedería liquidar non supera os gastos electorais xustificados.

Pola súa parte, o artigo 19.6 prevé que *"No suposto de que os ingresos electorais habidos para a campaña electoral superasen o importe dos gastos electorais, a diferenza detraerase da contía da subvención."*

**Cadro 21: Verificación límite Subvencións electorais (art. 19.6 Lei 9/2015) PP**

| Liquidación                                                    | Euros        |
|----------------------------------------------------------------|--------------|
| Ingresos electorais (Sen anticipos de subvencións nin débedas) | 1.563.775,00 |
| Gastos electorais declarados                                   | 2.077.811,56 |

Do cadro anterior derívase que os ingresos electorais propios da formación política, sen considerar os anticipos de subvencións (que son cantidades a descontar da subvención procedente) nin o endebedamento (que cómpre amortizar na súa totalidade), non superan aos gastos electorais, polo que, en consecuencia, non procede detraer cantidade algunha da subvención procedente.

#### 4.1.10. LIQUIDACIÓN DA SUBVENCIÓN

Tendo en consideración que a formación política percibiu un anticipo do 30% a conta da subvención que procedería liquidar, detállase no cadro seguinte a contía da subvención pendente de percibir:

**Cadro 22: Subvencións electorais PP**

| Liquidación                              | Euros               |
|------------------------------------------|---------------------|
| Subvención procedente (1)                | 1.812.026,30        |
| Anticipo percibido (2)                   | 517.302,88          |
| <b>Subvención por liquidar (1) - (2)</b> | <b>1.294.723,42</b> |

Conforme ao razoado nos apartados anteriores, a subvención que corresponde a esta formación política ascende a 1.812.026,30 euros. Dado que esta formación ten percibido un anticipo por importe de 517.302,88 euros, procede descontalo da contía anterior, (artigo 26.6 da Lei 9/2015), polo que a subvención pendente de percibir será de 1.294.723,42 euros.



#### 4.1.11. FEITOS POSTERIORES Á RENDICIÓN DA CONTABILIDADE ELECTORAL

Como consecuencia do deber de informar establecido no artigo 24 da Lei 9/2015 para as empresas que prestan servizos ou subministracións ás formacións políticas por importe superior a 10.000 euros, detectouse que unha factura a catalogar como publicidade en prensa e radio, de data 30 de xuño de 2020, por importe de 938,96 euros (IVE incluído) non figura na contabilidade electoral presentada ante este Consello de Contas. Comunicada tal circunstancia ao administrador do Partido Popular de Galicia, reconece que corresponde a gastos da campaña electoral, tal como describe a propia factura, e atribúen a súa non contabilización a un erro administrativo.

De acordo co apartado 5.1. Límite máximo de gastos electorais, da Instrución relativa á fiscalización das contabilidades das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020, aprobada polo Pleno do Consello de Contas de Galicia o 9 de xullo de 2020, os gastos detectados e non declarados non serán subvencionables pero si se incluírán para o cálculo do límite máximo de gastos electorais contemplado no artigo 15 da Lei 9/2015.

#### 4.1.12. CONCLUSIÓNS

En base ás actuacións realizadas fórmulanse as seguintes conclusións:

##### a) Sobre a regularidade da contabilidade electoral

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.
2. Verifícase o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.
3. Verifícase o cumprimento da legalidade dos ingresos e gastos electorais. Tanto os ingresos como os gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación recibida e fiscalizada, atopándose as súas contías comprendidas dentro dos límites legais.
4. A contabilidade electoral rendida polo Partido Popular é representativa.

##### b) Opinión de auditoría

1. Temos comprobado a regularidade da contabilidade das contas electorais da formación política Partido Popular, que comprenden o Balance de situación e a conta de Perdas e Ganancias, correspondentes aos gastos e ingresos electorais, das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 12 de xullo de 2020.

A contabilidade presentada está levada conforme ao Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado polo Tribunal de Cuentas.

2. O administrador xeral é o responsable de formular a contabilidade obxecto de fiscalización, de xeito



que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados acadados, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade, debendo ter sido preparadas sen incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

3. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas presentadas baseada na nosa auditoría. Temos levado a cabo o noso traballo de conformidade coas normas de auditoría vixentes e verificado a totalidade dos xustificantes soporte da contabilidade electoral presentada. Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos fornece unha base suficiente e axeitada para sustentar a nosa opinión de auditoría.

4. Na nosa opinión, a contabilidade electoral presentada pola formación política expresa a imaxe fiel das súas operacións, contendo a información suficiente para a súa axeitada interpretación e comprensión.

#### **c) Sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 da lei 9/2015**

A formación política fiscalizada cumpre os requisitos esixidos polo artigo 17 da lei 9/2015, dado que:

- Obtivo representación parlamentaria nos termos previstos no artigo 9 da lei 9/2015.
- Non consta que tiveran recibido doazóns de bens inmoables situados no ámbito territorial de Galicia por valor de taxación superior a 50.000 euros.
- Non consta que tiveran obtido doazóns por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargo de toda orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10% en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico.
- Non consta o incumprimento das obrigas que derivan da lexislación xeral sobre o financiamento dos partidos políticos.
- Non se ten evidenciado a concorrencia das circunstancias previstas nos apartados 3 e 4 do artigo 127 da LOREX

#### **d) Proposta de subvención**

A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o PP ascende a 1.812.026,30 euros, debendo serlle descontada a cantidade de 517.302,88 euros percibida a conta do anticipo do 30% regulado no artigo 20 da lei 9/2015, polo que resulta un importe líquido a percibir de 1.294.723,42 euros.



## 4.2. BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

### 4.2.1. DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

Dando cumprimento ao disposto no artigo 23.1 da Lei 9/2015, a formación política presentou a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 2020, que foi inscrita o día 27 de outubro de 2020, por un lado, no Rexistro xeral de entrada do Consello de Contas co número 650 e, por outro, no Rexistro telemático de entrada co número 1435.

Os resultados da fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos detállanse nos apartados seguintes.

### 4.2.2. INGRESOS E GASTOS DA CAMPAÑA ELECTORAL

O Administrador electoral nomeado pola formación política ten presentado as seguintes cifras de ingresos e gastos electorais derivadas dos rexistros contables:

**Cadro 23: Ingresos e gastos electorais declarados BNG**

| Ingresos e gastos declarados | Euros       |
|------------------------------|-------------|
| Ingresos totais              | 450.453,87  |
| Gastos totais                | 450.451,65  |
| <b>Diferenza</b>             | <b>2,22</b> |

### 4.2.3. INGRESOS DA CAMPAÑA ELECTORAL

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo BNG para a súa campaña electoral ascenden a 450.453,87 euros.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

**Cadro 24: Recursos financeiros declarados BNG**

| Recursos financeiros declarados             | Euros             |
|---------------------------------------------|-------------------|
| Aportacións de persoas físicas ou xurídicas | 0,66              |
| Operacións de endebedamento                 | 0,00              |
| Anticipos da Administración                 | 98.892,18         |
| Aportacións do partido                      | 351.561,03        |
| Ingresos financeiros                        | 0,00              |
| Outros ingresos                             | 0,00              |
| <b>Recursos financeiros totais</b>          | <b>450.453,87</b> |







Non consta que houbera aportacións de persoas físicas ou xurídicas, nin operacións de endebedamento.

Así mesmo, o financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas en 2016, tal como dispoñen o artigo 127 bis da LOREX e o 20 da Lei 9/2015. O importe contabilizado por este concepto ascende a 98.892,18 euros, cantidade que coincide coa transferida pola Xunta de Galicia.

A xustificación da procedencia dos fondos aportados polo partido consta nunha declaración responsable asinada ao efecto polo administrador electoral.

A formación política recoñeceu en contas a estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia segundo os resultados alcanzados, aplicando o principio de devindicación de acordo co artigo 121.2 da LOREX. Este recoñecemento fíxose mediante un cargo, por importe de 351.559,47 euros, na subconta 4201-Administracións públicas debedoras por subvencións electorais, e abono nas contas 721-Subvención por resultados electorais e 722-Subvención por envíos electorais, por importes de 223.105,52 euros e 128.453,95 euros, respectivamente

#### 4.2.4. GASTOS ELECTORAIS

##### 4.2.4.1. Gastos por operacións ordinarias

O BNG presentou os seus estados contables separando as operacións ordinarias das que corresponden aos envíos electorais.

Os gastos por operacións ordinarias declarados polo BNG ascenderon a 288.072,33 euros, agrupándose nos seguintes conceptos:

**Cadro 25: Gastos por operacións ordinarias BNG**

| Gastos por operacións ordinarias                                                              | Euros             |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|
| <b>A) Gastos declarados</b>                                                                   | <b>288.072,33</b> |
| Gastos de publicidade exterior                                                                | 3.811,50          |
| Gastos de publicidade en prensa e radio                                                       | 35.077,15         |
| Gastos financeiros liquidados                                                                 | 0,00              |
| Estimación de gastos financeiros                                                              | 0,00              |
| Outros gastos ordinarios                                                                      | 249.183,68        |
| <b>B) Gastos reclasificados netos</b>                                                         | <b>0,00</b>       |
| <b>C) Gastos irregulares</b>                                                                  | <b>0,00</b>       |
| Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas                                     | 0,00              |
| Gastos fora de prazo                                                                          | 0,00              |
| Gastos de natureza non electoral                                                              | 0,00              |
| <b>D) Gastos por envíos de propaganda electoral xustificadas non cubertos pola subvención</b> | <b>0,00</b>       |
| <b>E) Total gastos electorais ordinarios xustificados (A) + (B) - (C) + (D)</b>               | <b>288.072,33</b> |



Revisada toda a documentación xustificativa non se atoparon deficiencias de relevancia, polo que non se formulan observacións respecto da fiscalización destes gastos.

De todo o exposto dérase que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificadas por esta formación política elévanse a 288.072,33 euros.

#### 4.2.4.2. Gastos por envíos electorais

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de propaganda electoral, que figuran rexistrados na contabilidade presentada polo BNG ascenderon a 162.379,32 euros.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:

**Cadro 26: Gastos por envíos de propaganda electoral BNG**

| Gastos por envío de propaganda electoral                                  | Euros             |
|---------------------------------------------------------------------------|-------------------|
| <b>A) Gastos declarados</b>                                               | <b>162.379,32</b> |
| Gastos financeiros liquidados                                             | 0,00              |
| Estimación de gastos financeiros                                          | 0,00              |
| Outros gastos de envío                                                    | 162.379,32        |
| <b>B) Gastos reclasificados netos</b>                                     | <b>0,00</b>       |
| <b>C) Gastos irregulares</b>                                              | <b>0,00</b>       |
| Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas                 | 0,00              |
| Gastos fora de prazo                                                      | 0,00              |
| Gastos de natureza non electoral                                          | 0,00              |
| <b>D) Total gastos electorais por envíos xustificadas (A) + (B) - (C)</b> | <b>162.379,32</b> |
| <b>E) Número de envíos xustificadas con dereito a subvención</b>          | <b>1.685.883</b>  |
| Importe subvencionable por envío                                          | 0,23              |
| Importe subvencionable por envíos realizados                              | 387.753,09        |
| Límite legal por envíos                                                   | 620.422,70        |
| <b>F) Gastos por envíos xustificadas non cubertos pola subvención</b>     | <b>0,00</b>       |

Conforme ao disposto no artigo único.3 da Orde do 11 de febreiro de 2020, da Consellería de Facenda, os gastos desta natureza non poden exceder do resultado de multiplicar 0,23 euros polo número de electores que foi de 2.697.490. En consecuencia non serán superiores a 620.422,70 euros.

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables concluíndose que o total dos gastos regulares xustificadas ascende á cantidade de 162.379,32 euros, importe que non supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto atendendo ao número de envíos xustificadas.





#### 4.2.5. LÍMITE DOS GASTOS ELECTORAIS

O límite máximo de gastos determinouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 1.754.674,35 euros, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións electorais.

A formación política rexistrou un total de gastos por operacións ordinarias de 288.072,33 euros, polo que non supera o límite máximo de gastos, que establece o artigo 15.1 da Lei 9/2015.

Ademais, o apartado 3 do citado artigo 15, de conformidade co indicado no artigo 58 da LOREX, establece que os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada non poderán superar o 20% do límite de gastos previsto no artigo 15.1.

Nos mesmos termos, o artigo 15.6 da Lei 9/2015 recolle que será aplicable ás eleccións ao Parlamento de Galicia o límite que establece o artigo 55.3 da LOREX respecto dos gastos en publicidade exterior, non podendo exceder o 20% do límite de gastos electorais.

En consecuencia, tanto os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada como os gastos de publicidade exterior non poderán superar o importe de 350.934,87 euros. O importe dos gastos electorais declarados por estes conceptos ascenden a 35.077,15 euros e 3.811,50 euros, respectivamente, polo que non superan o límite establecido.

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

**Cadro 27: Límites de gastos electorais BNG**

| Límites de gastos electorais                                       | Euros        |
|--------------------------------------------------------------------|--------------|
| Límite máximo de gastos electorais                                 | 1.754.674,35 |
| Gastos a considerar a efectos do límite                            | 288.072,33   |
| <b>Exceso no límite máximo de gastos electorais</b>                | <b>NON</b>   |
| Límite de gastos de publicidade en prensa e radio                  | 350.934,87   |
| Gastos a considerar a efectos do límite                            | 35.077,15    |
| <b>Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio</b> | <b>NON</b>   |
| Límite de gastos de publicidade exterior                           | 350.934,87   |
| Gastos a considerar a efectos do límite                            | 3.811,50     |
| <b>Exceso no límite de gastos de publicidade exterior</b>          | <b>NON</b>   |

Dos datos que figuran no cadro anterior derivase que os gastos contabilizados por esta formación política non superan os límites legalmente previstos.



#### 4.2.6. OBRIGAS DE COMUNICACIÓN DE ENTIDADES FINANCEIRAS E PROVEDORES

Dos seis acredores por prestación de servizos que, segundo a contabilidade electoral, facturaron gastos electorais superiores a 10.000 euros, só un non cumpriu coa obriga de informar imposta polos artigos 133.5 da LOREX e 24 da Lei 9/2015. Contactouse co referido acredor téndose recibido a relación de facturas que coincide cos rexistros contables.

#### 4.2.7. TESOURERÍA DA CAMPAÑA

##### Fondos líquidos

A formación política contadante aperturou unha conta bancaria debidamente comunicada a través da Xunta Electoral de Galicia.

Conta nº \*\*\*\*8071

Todos os cobros e pagamentos contabilizados foron realizados por medio da conta bancaria aberta para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX e o artigo 10 da Lei 9/2015, excepto o pago dos descontos en nóminas correspondentes ás retencións en concepto de IRPF e Seguridade social. O pago destas retencións contabilizouse con abono na conta contable 58100001- conta ordinaria BNG / 0295, en concepto de "cancelación sdos pagados". (asentos 520 e 521 do 28-9-20).

O resumo das conclusións alcanzadas nesta área é o seguinte:

##### Cadro 28: Tesourería BNG

| Tesourería de campaña                                                |     |
|----------------------------------------------------------------------|-----|
| Conta bancaria electoral                                             | SI  |
| Fondos non ingresados na conta electoral                             | NON |
| Gastos pagados con cargo a contas non electorais                     | NON |
| Pagamentos fora do prazo previsto no art.125.3 LOREX e 12 Lei 9/2015 | NON |
| Débeda cos provedores                                                | NON |

##### Contas bancarias

Na data de rendición da contabilidade electoral, a conta corrente nº \*\*\*\* 8071, que rexistra os movementos da campaña electoral, presenta un saldo de 2,25 euros a data 28 de setembro de 2020.

##### Xuros devindicados

O BNG non contratou ningunha póliza de crédito para este proceso electoral.



## Débedas

Na data de peche da contabilidade electoral rendida ao Consello de Contas, non existen débedas con provedores.

## Prazo dos pagamentos

Todos os pagamentos se fixeron dentro do prazo dos noventa días seguintes ao da votación regulado no artigo 125.3 da LOREX e 10.1 da Lei 9/2015.

### 4.2.8. DETERMINACIÓN DO LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN BNG

Como resultado das verificacións, probas de control e cálculos realizados a subvención máxima por gastos electorais á que ten dereito esta formación política detállase no cadro seguinte:

Cadro 29: Subvencións electorais BNG

| Liquidación                                       | Euros             |
|---------------------------------------------------|-------------------|
| Subvención máxima por gastos ordinarios           | 662.082,79        |
| Gastos ordinarios xustificados                    | 288.072,33        |
| <b>A) Subvención que correspondería</b>           | <b>288.072,33</b> |
| Subvención máxima por gastos de envíos electorais | 387.753,09        |
| Gastos por envíos electorais xustificados         | 162.379,32        |
| <b>B) Subvención que correspondería</b>           | <b>162.379,32</b> |
| <b>Subvención procedente (A) + (B)</b>            | <b>450.451,65</b> |

O Consello de Contas, dando cumprimento ao disposto no artigo 27.3 da Lei 9/2015, considera que ao volume de gastos electorais fiscalizados correspóndelle unha subvención electoral de 450.451,65 euros.

### 4.2.9. CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNIS FINANCEIRAS XERAIS DAS SUBVENCIÓNIS

A normativa reguladora instrumenta as subvencións dos gastos electorais como medidas que tratan de financiar unha parte dos custos de concorrencia das formacións políticas ás eleccións autonómicas.

Na súa consecuencia, a Lei 9/2015 establece dúas condicións respecto do outorgamento de subvencións dos gastos electorais, que regula no artigo 19.5 e 19.6.

O artigo 19.5 establece que *"En ningún caso a subvención correspondente a cada formación política poderá superar a cifra dos gastos electorais declarados xustificados polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora"*.



**Cadro 30: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) BNG**

| Liquidación                                   | Euros             |
|-----------------------------------------------|-------------------|
| Gastos xustificados por operacións ordinarias | 288.072,33        |
| Gastos xustificados por envíos electorais     | 162.379,32        |
| <b>Gastos totais xustificados</b>             | <b>450.451,65</b> |
| <b>Subvención procedente</b>                  | <b>450.451,65</b> |

Do cadro anterior derívase que a subvención que procedería liquidar non supera os gastos electorais xustificados.

Pola súa parte, o artigo 19.6 prevé que *“No suposto de que os ingresos electorais habidos para a campaña electoral superasen o importe dos gastos electorais, a diferenza detraeráse da contía da subvención.”*

**Cadro 31: Verificación límite Subvencións electorais (art. 19.6 Lei 9/2015) BNG**

| Liquidación                                                    | Euros      |
|----------------------------------------------------------------|------------|
| Ingresos electorais (Sen anticipos de subvencións nin débedas) | 351.561,69 |
| Gastos electorais declarados                                   | 450.451,65 |

Do cadro anterior derívase que os ingresos electorais da formación política, sen considerar os anticipos de subvencións (que son cantidades a descontar da subvención procedente) nin o endebedamento (que cómpre amortizar na súa totalidade), non superan aos gastos electorais, polo que, en consecuencia, non procede detraer cantidade algunha da subvención procedente.

**4.2.10. LIQUIDACIÓN DA SUBVENCIÓN**

Tendo en consideración que a formación política percibiu un anticipo do 30% a conta da subvención que procedería liquidar, detállase no cadro seguinte a contía da subvención pendente de percibir:

**Cadro 32: Subvencións electorais BNG**

| Liquidación                            | Euros             |
|----------------------------------------|-------------------|
| Subvención procedente (1)              | 450.451,65        |
| Anticipo percibido (2)                 | 98.892,18         |
| <b>Subvención por liquidar (1)-(2)</b> | <b>351.559,47</b> |

Conforme ao razoado nos apartados anteriores, a subvención que corresponde a esta formación política ascende a 450.451,65 euros. Dado que esta formación percibiu un anticipo a conta de 98.892,18 euros procede descontar esta cantidade do importe da subvención procedente, polo que a subvención pendente de percibir será de 351.559,47 euros.



#### 4.2.11. FEITOS POSTERIORES Á RENDICIÓN DA CONTABILIDADE ELECTORAL

Non hai feitos posteriores á rendición da contabilidade electoral.

#### 4.2.12. CONCLUSIÓNS

En base ás actuacións realizadas fórmulanse as seguintes conclusións:

##### a) Sobre a regularidade da contabilidade electoral

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.
2. Verificouse o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.
3. Verificouse o cumprimento da legalidade dos ingresos e gastos electorais. Tanto os ingresos como os gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación recibida e fiscalizada, atopándose as súas contías comprendidas dentro dos límites legais.
4. A contabilidade electoral rendida polo BNG é representativa.

##### b) Opinión de auditoría

1. Temos comprobado a regularidade da contabilidade das contas electorais da formación política BNG, que comprenden o Balance de situación e a conta de Perdas e Ganancias, correspondentes aos gastos e ingresos electorais, das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 12 de xullo de 2020.

A contabilidade presentada está levada conforme ao Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado polo Tribunal de Cuentas.

2. O administrador xeral é o responsable de formular a contabilidade obxecto de fiscalización, de xeito que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados acadados, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade, debendo ter sido preparadas sen incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

3. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas presentadas baseada na nosa auditoría. Temos levado a cabo o noso traballo de conformidade coas normas de auditoría vixentes e verificado a totalidade dos xustificantes soporte da contabilidade electoral presentada. Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos fornece unha base suficiente e axeitada para sustentar a nosa opinión de auditoría.

4. Na nosa opinión, a contabilidade electoral presentada pola formación política expresa a imaxe fiel das súas operacións, contendo a información suficiente para a súa axeitada interpretación e comprensión.



### **c) Sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 da lei 9/2015**

A formación política fiscalizada cumpre os requisitos esixidos polo artigo 17 da lei 9/2015, dado que:

- Obtivo representación parlamentaria nos termos previstos no artigo 9 da lei 9/2015.
- Non consta que tiveran recibido doazóns de bens inmobles situados no ámbito territorial de Galicia por valor de taxación superior a 50.000 euros.
- Non consta que tiveran obtido doazóns por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargo de toda orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10% en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico.
- Non consta o incumprimento das obrigas que derivan da lexislación xeral sobre o financiamento dos partidos políticos.
- Non se ten evidenciado a concorrencia das circunstancias previstas nos apartados 3 e 4 do artigo 127 da LOREX

### **d) Proposta de subvención**

A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o BNG ascende a 450.451,65 euros, debendo serlle descontada a cantidade de 98.892,18 euros percibida a conta do anticipo do 30% regulado no artigo 20 da lei 9/2015, polo que resulta un importe líquido a percibir de 351.559,47 euros.







## 4.3. PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

### 4.3.1. DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

Dando cumprimento ao disposto no artigo 23.1 da Lei 9/2015, a formación política presentou a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 2020, en formato papel o día 20 de outubro de 2020, co rexistro de entrada número 636. Así mesmo, presentou telemáticamente a súa contabilidade electoral e demais documentación xustificativa o día 22 de outubro de 2020 cos números de rexistro de entrada 1408 e 1409.

Os resultados da fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos detállanse nos apartados seguintes.

### 4.3.2. INGRESOS E GASTOS DA CAMPAÑA ELECTORAL

O Administrador electoral nomeado pola formación política ten presentado as seguintes cifras de ingresos e gastos electorais derivadas dos rexistros contables:

**Cadro 33: Ingresos e gastos electorais declarados PSdeG-PSOE**

| Ingresos e gastos declarados | Euros           |
|------------------------------|-----------------|
| Ingresos totais              | 1.997.924,31    |
| Gastos totais                | 1.994.471,00    |
| <b>Diferenza</b>             | <b>3.453,31</b> |

### 4.3.3. INGRESOS DA CAMPAÑA ELECTORAL

Os recursos financeiros declarados na contabilidade rendida polo PSdeG-PSOE para a súa campaña electoral ascenden a 1.997.924,31 euros.

Estes recursos pódense agrupar, segundo a súa procedencia, nos seguintes conceptos:

**Cadro 34: Recursos financeiros declarados PSdeG-PSOE**

| Recursos financeiros declarados             | Euros               |
|---------------------------------------------|---------------------|
| Aportacións de persoas físicas ou xurídicas | 0,00                |
| Operacións de endebedamento                 | 700.000,00          |
| Anticipos da Administración                 | 262.319,19          |
| Aportacións do partido                      | 1.035.605,12        |
| Ingresos financeiros                        | 0,00                |
| Outros ingresos                             | 0,00                |
| <b>Recursos financeiros totais</b>          | <b>1.997.924,31</b> |



Non consta que houbera aportacións de persoas físicas ou xurídicas.

O PSdeG-PSOE subscribiu un contrato de préstamo cunha entidade bancaria o día 1 de xullo de 2020, por un principal de 700.000,00 euros, con xuros nominais anuais do 2,50% e data de vencemento o 1 de xullo de 2021. Este recurso está destinado a obter un anticipo sobre as subvencións das que puidese resultar beneficiario para acometer os gastos electorais derivados das eleccións ao Parlamento de Galicia a celebrar o 12 de xullo de 2020.

En garantía do pago aféctase o dereito ao cobro das subvencións que poida recibir o PSdeG-PSOE polos resultados electorais e polo envío de papeletas, sobres ou publicidade, como consecuencia da súa participación nas eleccións ao Parlamento de Galicia á entidade que concedeu o préstamo.

A entidade que concedeu o préstamo cumpriu coa obriga de información establecida polo artigo 133.3 da LOREX e 24 da Lei 9/2015, confirmando os datos rexistrados na contabilidade electoral.

Así mesmo, o financiamento público recolle o anticipo do 30% das cantidades concedidas en concepto de subvención electoral nas anteriores eleccións ao Parlamento de Galicia en 2020, tal como dispoñen o artigo 127 bis da LOREX e o artigo 20 da Lei 9/2015. A contía total do anticipo ascende a 262.319,19 euros, cantidade que coincide coa transferida pola Xunta de Galicia.

A xustificación da procedencia dos fondos aportados polo partido consta nunha declaración responsable asinada ao efecto polo administrador electoral.

A formación política recoñeceu en contas a súa estimación da subvención a cobrar da Xunta de Galicia, segundo os resultados alcanzados, aplicando o principio de devindicación de acordo co disposto no artigo 121.2 da LOREX. Este recoñecemento fíxose mediante un cargo por importe de 1.006.513,13 euros, na subconta 4201 D.G.T Deudora por subvención eleccións (CE) e abono nas contas 721-1 Subvención por campaña e 722-1 Subvención por mailing, por 507.323,74 euros e 499.189,39 euros, respectivamente.

#### **4.3.4. GASTOS ELECTORAIS**

##### **4.3.4.1. Gastos por operacións ordinarias**

O PSdeG-PSOE presentou os seus estados contables separando as operacións ordinarias das que corresponden aos envíos electorais.

Os gastos por operacións ordinarias declarados polo PSdeG-PSOE ascenderon a 1.495.281,61 euros, agrupándose nos seguintes conceptos:



**Cadro 35: Gastos por operacións ordinarias PSdeG-PSOE**

| Gastos por operacións ordinarias                                                              | Euros               |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| <b>A) Gastos declarados</b>                                                                   | <b>1.495.281,61</b> |
| Gastos de publicidade exterior                                                                | 349.455,26          |
| Gastos de publicidade en prensa e radio                                                       | 338.322,44          |
| Gastos financeiros liquidados                                                                 | 2.532,15            |
| Estimación de gastos financeiros                                                              | 8.804,96            |
| Outros gastos ordinarios                                                                      | 796.166,80          |
| <b>B) Gastos reclasificados netos</b>                                                         | <b>-1.135,56</b>    |
| <b>C) Gastos irregulares</b>                                                                  | <b>15.209,74</b>    |
| Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas                                     | 13.984,22           |
| Gastos fora de prazo                                                                          | 0,00                |
| Gastos de natureza non electoral                                                              | 1.225,52            |
| <b>D) Gastos por envíos de propaganda electoral xustificadas non cubertos pola subvención</b> | <b>0,00</b>         |
| <b>E) Total gastos electorais ordinarios xustificadas (A) + (B) - (C) + (D)</b>               | <b>1.478.936,31</b> |

Revisouse o 100% da documentación acreditativa dos rexistros contables.

O resultado da revisión foi o seguinte:

### Incidencias xerais

Detectáronse 17 facturas de gastos correspondentes a alugueres de vehículos e, na súa maioría, de anuncios en prensa e emisoras de radio que non consignaban que son correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia de 2020, tendo que establecerse esa relación recurrido a referencias indiciarias.

Adicionalmente, en 4 facturas tivo que solicitarse directamente do prestador de servizos un maior detalle dos compoñentes do gasto.

### Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas

#### - Xuros do préstamo

Conta 65260002. Esta conta presenta un saldo de 8.804,96 euros. A formación política non estimou correctamente o importe dos xuros estimados do préstamo que concertou o 1 de xullo de 2020 cunha entidade financeira para o financiamento dos gastos da campaña electoral.

O apartado 3 da Instrución reguladora da fiscalización das contabilidades electorais dispón:

*"En relación cos intereses das operacións de crédito concertadas para o financiamento das campañas electorais, mantense o criterio, de considerar os intereses devindicados desde a formalización do crédito ata un ano despois da celebración das eleccións ou, no seu caso, ata a data de amortización*



*do crédito se esta se producise antes. Dita estimación calcularase sobre os seguintes importes do principal da débeda e períodos:*

*a) Sobre o capital pendente de amortizar, ata a data na que xorde o dereito da percepción do adianto tras a presentación da contabilidade electoral ao Consello de Contas. Con obxecto de homoxeneizar o período de pagamento, este comprenderá desde o día da convocatoria das eleccións ata transcorridos cinco meses tras a celebración das mesmas.*

*b) Sobre os saldos non cubertos polos adiantos das subvencións, ata completar o ano a partir da celebración das eleccións ou, no seu caso, ata a data de amortización do crédito se se producise antes.*

*Se no exame da contabilidade remitida observávese que unha formación política, sen xustificación suficiente, non aplicou os criterios anteriores no cálculo e distribución dos intereses, o Consello de Contas axustará os importes declarados aos únicos efectos da verificación do cumprimento do límite de gastos."*

Pois ben, a estimación dos xuros sobre o capital pendente de amortizar terá en conta o período que vai desde a data de convocatoria das eleccións ata transcorridos cinco meses tras a celebración das mesmas, isto é un prazo de 153 días, e non 165, que é o dato que emprega a formación para o cálculo.

O saldo que debería presentar esta conta é de 8.268,68 euros, que é o importe que se considera subvencionable.

#### **- Actos públicos.**

Conta 65290001. Consta o rexistro contable dunha factura de 2 de marzo de 2020, por importe de 4.675,44 euros correspondente a unha actuación musical no mitin do 23 de febreiro de 2020 no Pavillón multiusos de San Lázaro en Santiago de Compostela. Este tipo de actuacións musicais ou artísticas non se consideran como gastos dos enumerados no artigo 14 da Lei 9/2015 e no artigo 130 da LOREX. Polo tanto, o citado gasto non é subvencionable axustándose os gastos ordinarios de campaña polo dito importe.

Conta 65290001. Existe un recibo de pagamento en efectivo da taxa municipal do aluguer do pavillón polideportivo San Francisco Xavier da Coruña, do día 23 de febreiro de 2020, por un importe de 1.271,65 euros. Temos comprobado o seu correcto rexistro contable e o reintegro en efectivo de dita cantidade contra la conta bancaria da campaña. O importe da taxa pagada coincide co importe que figura na tarifa do artigo 6 apartado D Campos de fútbol municipais Código 15.3.4. da Ordenanza municipal reguladora.

Non deben realizarse pagamentos en efectivo para gastos desta natureza, debendo de empregarse



preferentemente o procedemento de transferencia bancaria ou cheque nominativo, polo que debería modificarse a Ordenanza municipal reguladora, debendo incluírse a prohibición do pagamento en efectivo para la celebración deste tipo de actos.

#### **- Gastos de viaxe.**

Conta 65291003. Existe unha factura dunha compañía de aviación privada por importe de 8.772,50 euros, por un servizo de transporte realizado entre os aeroportos de Madrid-Barajas e Santiago de Compostela o día 23 de febreiro de 2020, dos que non se ten acreditado si as persoas que viaxaron son persoal ao servizo da campaña electoral ao descoñecerse a súa identidade, malia ter efectuado as probas de fiscalización necesarias para obter evidencia de auditoría. Polo tanto, o citado gasto non é subvencionable axustándose os gastos ordinarios de campaña polo dito importe.

Conta 65291003. Na realización do procedemento de circularización aos provedores e acredores detectáronse 4 facturas contabilizadas e pagadas pola formación política, por un importe conxunto de 1.225,52 euros, das que a axencia de viaxes non manifesta a súa relación cos gastos das eleccións do 12 de xullo de 2020. Posteriormente, a formación política nos comunica que o día 20 de novembro de 2020 tivo coñecemento de que por un erro de facturación da axencia de viaxes foron pagadas as referidas 4 facturas polo importe citado e que non se corresponden con gastos imputables á campaña electoral das eleccións do 12 de xullo de 2020. Polo tanto, o citado gasto non é subvencionable axustándose os gastos ordinarios de campaña polo dito importe.

#### **- Correos e envíos**

Conta 65291008. Nesta conta rexistráronse gastos en concepto de reparto de folletos electorais e buzono realizado o 9 de xullo de 2020, por importe de 1.135,56 euros que non teñen a consideración de gastos ordinarios e deben ser reclasificados como gastos de envíos electorais ou mailing.

De todo o exposto derívase que o importe dos gastos electorais ordinarios xustificadas, polo PSdeG-PSOE elévase a 1.478.936,31 euros.

#### **4.3.4.2. Gastos por envíos electorais**

Os gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal aos electores de propaganda electoral, ascenderon, segundo a contabilidade do PSdeG-PSOE, a 499.189,39 euros.

Estes gastos rexistráronse pola formación política nos seguintes conceptos:



Cadro 36: Gastos por envíos de propaganda electoral PSdeG-PSOE

| Gastos por envío de propaganda electoral                                  | Euros             |
|---------------------------------------------------------------------------|-------------------|
| <b>A) Gastos declarados</b>                                               | <b>499.189,39</b> |
| Gastos financeiros liquidados                                             | 3,35              |
| Estimación de gastos financeiros                                          | 0,00              |
| Outros gastos de envío                                                    | 499.186,04        |
| <b>B) Gastos reclasificados netos</b>                                     | <b>1.135,56</b>   |
| <b>C) Gastos irregulares</b>                                              | <b>0,00</b>       |
| Gastos con xustificación insuficiente ou non xustificadas                 | 0,00              |
| Gastos fora de prazo                                                      | 0,00              |
| Gastos de natureza non electoral                                          | 0,00              |
| <b>D) Total gastos electorais por envíos xustificadas (A) + (B) - (C)</b> | <b>500.324,95</b> |
| <b>E) Número de envíos xustificadas con dereito a subvención</b>          | <b>2.193.527</b>  |
| Importe subvencionable por envío                                          | 0,23              |
| Importe subvencionable por envíos realizados                              | 504.511,21        |
| Límite legal por envíos                                                   | 620.422,70        |
| <b>F) Gastos por envíos xustificadas non cubertos pola subvención</b>     | <b>0,00</b>       |

Conforme ao disposto no artigo único.3 da Orde do 11 de febreiro de 2020, da Consellería de Facenda, os gastos desta natureza non poden exceder do resultado de multiplicar 0,23 euros polo número de electores que foi de 2.697.490. En consecuencia non serán superiores a 620.422,70 euros.

Examinouse a totalidade da documentación acreditativa das anotacións contables concluíndose que o total dos gastos regulares xustificadas ascende á cantidade de 500.324,95 euros, importe que non supera a contía máxima da subvención establecida para este concepto atendendo ao número de envíos xustificadas.

#### 4.3.5. LÍMITE DOS GASTOS ELECTORAIS

O límite máximo de gastos determinouse no apartado 2.5 deste informe, ascendendo a 1.754.674,35 euros, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscricións electorais.

A formación política declarou un total de gastos por operacións ordinarias de 1.495.281,61 euros, polo que non supera o límite máximo de gastos, que establece o artigo 15.1 da Lei 9/2015.

Ademais, o apartado 3 do citado artigo 15, de conformidade co indicado no artigo 58 da LOREX, establece que os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada non poderán superar o 20% do límite de gastos previsto no artigo 15.1.

Nos mesmos termos, o artigo 15.6 da Lei 9/2015 recolle que será aplicable ás eleccións ao Parlamento de Galicia o límite que establece o artigo 55.3 da LOREX respecto dos gastos en publicidade exterior, non podendo exceder o 20% do límite de gastos electorais.



En consecuencia, tanto os gastos de publicidade na prensa periódica e nas emisoras de radio de titularidade privada como os gastos de publicidade exterior non poderán superar o importe de 350.934,87 euros. O importe dos gastos electorais declarados por estes conceptos ascenden a 338.322,44 euros e 349.455,26 euros, respectivamente, polo que non superan o límite establecido.

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

**Cadro 37: Límites de gastos electorais PSdeG-PSOE**

| Límites de gastos electorais                                       | Euros        |
|--------------------------------------------------------------------|--------------|
| Límite máximo de gastos electorais                                 | 1.754.674,35 |
| Gastos a considerar a efectos do límite (1)                        | 1.497.862,54 |
| <b>Exceso no límite máximo de gastos electorais</b>                | <b>NON</b>   |
| Límite de gastos de publicidade en prensa e radio                  | 350.934,87   |
| Gastos a considerar a efectos do límite                            | 338.322,44   |
| <b>Exceso no límite de gastos de publicidade en prensa e radio</b> | <b>NON</b>   |
| Límite de gastos de publicidade exterior                           | 350.934,87   |
| Gastos a considerar a efectos do límite                            | 349.455,26   |
| <b>Exceso no límite de gastos de publicidade exterior</b>          | <b>NON</b>   |

(1): Inclúe o importe de dúas facturas por un importe conxunto de 2.580,93 euros, obxecto de análise no apartado de Feitos posteriores

Dos datos que figuran no cadro anterior derivase que os gastos contabilizados por esta formación política non superan o límite legalmente previsto.

#### 4.3.6. OBRIGAS DE COMUNICACIÓN DE ENTIDADES FINANCEIRAS E ACREDORES

A entidade financeira outorgante do préstamo subscrito por esta formación cumpriu en prazo coa obriga de informar ao Consello de Contas a información relativa ás operacións descritas no apartado relativo aos recursos financeiros, conforme ao disposto no artigo 133.3 da LOREX e no 24 da Lei 9/2015. A información recibida correspóndese cos datos rexistrados na contabilidade electoral da formación política obxecto de fiscalización.

Dos vinte e catro acredores por prestación de servizos que, segundo a contabilidade electoral facturaron por importes superiores a 10.000,00 euros, dous non cumpriron a obriga de comunicación imposta polos artigos 24 da Lei 9/2015 e 133.5 da LOREX. Aínda que contactouse cos mesmos non se recibiu resposta na data deste informe.

Non se atoparon outras incidencias dignas de mención.

#### 4.3.7. TESOURERÍA DA CAMPAÑA

##### Fondos líquidos

A formación política contadante abriu dúas contas bancarias debidamente comunicadas a través da Xunta Electoral de Galicia.



Conta nº \*\*\*\*8055 da campaña electoral. Conta nº \*\*\*\*8047 específica para os gastos de envío de propaganda electoral (conta de mailing).

Todos os cobros e pagamentos contabilizados fixéronse por medio das contas correntes abertas para a campaña electoral, tal como establece o artigo 125.1 da LOREX e o artigo 10 da lei 9/2015.

O resumo das conclusións alcanzadas nesta área é o seguinte:

**Cadro 38: Tesourería PSdeG-PSOE**

| Tesourería de campaña                                                |     |
|----------------------------------------------------------------------|-----|
| Conta bancaria electoral                                             | SI  |
| Fondos non ingresados na conta electoral                             | NON |
| Gastos pagados con cargo a contas non electorais                     | NON |
| Pagamentos fora do prazo previsto no art.125.3 LOREX e 12 Lei 9/2015 | NON |
| Débeda cos provedores                                                | NON |

## Contas bancarias

Na data de rendición da contabilidade electoral, a conta corrente que rexistra os movementos por operacións ordinarias da campaña electoral presenta un saldo de 123,21 euros como último apunte o día 7 de outubro de 2020. Pola súa parte, a conta corrente que rexistra os movementos das operacións de correos e envíos electorais presenta un saldo de 797,95 euros como último apunte o día 10 de setembro de 2020.

## Prazo dos pagamentos

Todos os pagamentos foron realizados dentro do prazo de noventa días seguintes ao da votación, establecido nos artigos 125.3 da LOREX e 10.1 da Lei 9/2015.

## Débedas

Non existen débedas con provedores na data de rendición da contabilidade electoral ao Consello de Contas de Galicia.

### 4.3.8. DETERMINACIÓN DO LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN AO PS DE G-PSOE

Como resultado das verificacións, probas de control e cálculos realizados a subvención máxima por gastos electorais á que ten dereito esta formación política detállase no cadro seguinte:





**Cadro 39: Subvencións electorais PSdeG-PSOE**

| Liquidación                                       | Euros               |
|---------------------------------------------------|---------------------|
| Subvención máxima por gastos ordinarios           | 507.323,74          |
| Gastos ordinarios xustificados                    | 1.478.936,31        |
| <b>A) Subvención que correspondería</b>           | <b>507.323,74</b>   |
| Subvención máxima por gastos de envíos electorais | 504.511,21          |
| Gastos por envíos electorais xustificados         | 500.324,95          |
| <b>B) Subvención que correspondería</b>           | <b>500.324,95</b>   |
| <b>Subvención procedente (A) + (B)</b>            | <b>1.007.648,69</b> |

O Consello de Contas, dando cumprimento ao disposto no artigo 27.3 da Lei 9/2015, considera que ao volume de gastos electorais fiscalizados correspóndelle unha subvención electoral de 1.007.648,69 euros.

#### 4.3.9. CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS FINANCEIRAS XERAIS DAS SUBVENCIÓNS

A normativa reguladora instrumenta as subvencións dos gastos electorais como medidas que tratan de financiar unha parte dos custos de concorrencia das formacións políticas ás eleccións autonómicas.

Na súa consecuencia, a Lei 9/2015 establece dúas condicións respecto do outorgamento de subvencións dos gastos electorais, que regula no artigo 19.5 e 19.6.

O artigo 19.5 establece que *“En ningún caso a subvención correspondente a cada formación política poderá superar a cifra dos gastos electorais declarados xustificados polo Consello de Contas no exercicio da súa función fiscalizadora”*.

**Cadro 40: Verificación límite Subvencións electorais (art. 127.1 LOREX e 19.5 Lei 9/2015) PSdeG-PSOE**

| Liquidación                                   | Euros               |
|-----------------------------------------------|---------------------|
| Gastos xustificados por operacións ordinarias | 1.478.936,31        |
| Gastos xustificados por envíos electorais     | 500.324,95          |
| <b>Gastos totais xustificados</b>             | <b>1.979.261,26</b> |
| <b>Subvención procedente</b>                  | <b>1.007.648,69</b> |

Do cadro anterior dérívase que a subvención que procedería liquidar non supera os gastos electorais xustificados.

Pola súa parte, o artigo 19.6 prevé que *“No suposto de que os ingresos electorais habidos para a campaña electoral superasen o importe dos gastos electorais, a diferenza detraeráse da contía da subvención.”*



**Cadro 41: Verificación límite Subvencións electorais (art. 19.6 Lei 9/2015) PSdeG-PSOE**

| Liquidación                                                    | Euros        |
|----------------------------------------------------------------|--------------|
| Ingresos electorais (Sen anticipos de subvencións nin débedas) | 1.035.605,12 |
| Gastos electorais declarados                                   | 1.994.471,00 |

Do cadro anterior derívase que os ingresos electorais propios da formación política, sen considerar os anticipos de subvencións (que son cantidades a descontar da subvención procedente) nin o endebedamento, (que cómpre amortizar na súa totalidade), non superan aos gastos electorais, polo que, en consecuencia, non procede detraer cantidade algunha da subvención procedente.

#### 4.3.10. LIQUIDACIÓN DA SUBVENCIÓN

Tendo en consideración que a formación política percibiu un anticipo do 30% á conta da subvención que procedería liquidar, detállase no cadro seguinte a contía da subvención pendente de percibir:

**Cadro 42: Subvencións electorais PSdeG-PSOE**

| Liquidación                            | Euros             |
|----------------------------------------|-------------------|
| Subvención procedente (1)              | 1.007.648,69      |
| Anticipo percibido (2)                 | 262.319,19        |
| <b>Subvención por liquidar (1)-(2)</b> | <b>745.329,50</b> |

Conforme ao razoado nos apartados anteriores, a subvención que corresponde a esta formación política ascende a 1.007.648,69 euros. Dado que esta formación ten percibido un anticipo por importe de 262.319,19 euros, procede descontalo da contía anterior, (artigo 26.6 da Lei 9/2015), polo que a subvención pendente de percibir será de 745.329,50 euros.

#### 4.3.11. FEITOS POSTERIORES Á RENDICIÓN DA CONTABILIDADE ELECTORAL

O 29 de outubro de 2020, con rexistro de entrada número 656, recíbese no Consello de Contas de Galicia un escrito asinado polo administrador xeral do PSdeG-PSOE, manifestando que o 28 de outubro de 2020 tivo coñecemento por primeira vez de dúas facturas expedidas a nome do PS de G – PSOE, por un proveedor, en concepto de gastos electorais:

- Factura. Nº 2201022307, por importe de 2.111,45 euros
- Factura. Nº 2201022308, por importe de 469,48 euros

Estas facturas non están rexistradas na contabilidade rendida polo PSdeG-PSOE ante o Consello de Contas de Galicia o 22 de outubro de 2020. Tamén afirma que non foron pagadas. E o manifesta polo deber de colaboración que establece o artigo 25 da Lei 9/2015 e sen menoscabo do previsto no artigo 10 da mesma lei (prazo de 90 días para efectuar pagamentos) y en el 125 de la LOREX



Ditas facturas corresponden a servizos de publicidade electoral dunha emisora de radio, expedidas a nome do PSdeG-PSOE, e teñen data de 30 de xuño de 2020. Constatouse que as facturas non están rexistradas na contabilidade electoral rendida pola formación política. Así mesmo, non consta ningún apunte nas contas bancarias electorais.

De acordo co apartado 5.1 Límite máximo de gastos electorais, da Instrución relativa á fiscalización das contabilidades das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020, aprobada polo Pleno do Consello de Contas de Galicia o 9 de xullo de 2020, os gastos detectados e non declarados non serán subvencionables pero si se incluírán para o cálculo do límite máximo de gastos electorais contemplado no artigo 15 da Lei 9/2015.

#### 4.3.12. CONCLUSIÓNS

En base ás actuacións realizadas fórmulanse as seguintes conclusións:

##### a) Sobre a regularidade da contabilidade electoral

1. A documentación requirida foi remitida dentro dos prazos legalmente establecidos.
2. Verificouse o cumprimento dos requisitos relativos á documentación esixida e á levanza dos rexistros contables elaborados con base na mesma.
3. Verificouse o cumprimento da legalidade dos ingresos e gastos electorais. Tanto os ingresos como os gastos realizados quedaron acreditados mediante a documentación recibida e fiscalizada, atopándose as súas contías comprendidas dentro dos límites legais.
4. A contabilidade electoral rendida polo PSdeG-PSOE é representativa.

##### b) Opinión de auditoría

1. Temos comprobado a regularidade da contabilidade das contas electorais da formación política Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 12 de xullo de 2020, que comprenden o Balance de situación e conta de Perdas e Ganancias, correspondentes aos gastos e ingresos electorais, das eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 12 de xullo de 2020.

A contabilidade presentada está levada conforme ao Plan de contabilidade adaptado ás formacións políticas aprobado polo Tribunal de Cuentas.

2. O administrador xeral é o responsable de formular a contabilidade obxecto de fiscalización, de xeito que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados acadados, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade, debendo ter sido preparadas sen incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.



3. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas presentadas baseada na nosa auditoría. Temos levado a cabo o noso traballo de conformidade coas normas de auditoría vixentes e verificado a totalidade dos xustificantes soporte da contabilidade electoral presentada. Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos fornece unha base suficiente e axeitada para sustentar a nosa opinión de auditoría.

4. Na nosa opinión, a contabilidade electoral presentada pola formación política expresa a imaxe fiel das súas operacións, contendo a información suficiente para a súa axeitada interpretación e comprensión.

### **c) Sobre o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 17 da lei 9/2015**

A formación política fiscalizada cumpre os requisitos esixidos polo artigo 17 da lei 9/2015, dado que:

- Obtivo representación parlamentaria nos termos previstos no artigo 9 da lei 9/2015.
- Non consta que tiveran recibido doazóns de bens inmoables situados no ámbito territorial de Galicia por valor de taxación superior a 50.000 euros.
- Non consta que tiveran obtido doazóns por parte de persoas físicas que desempeñen, por si ou por persoas interpostas, cargo de toda orde en empresas ou sociedades que teñan contratos de calquera natureza co sector público autonómico nin de persoas físicas que teñan participacións directas ou indirectas, xunto co seu cónxuxe, persoa unida por análoga relación, fillos ou fillas dependentes e persoas tuteladas, superiores ao 10% en empresas que teñan concertos ou contratos de calquera natureza co sector público autonómico.
- Non consta o incumprimento das obrigas que derivan da lexislación xeral sobre o financiamento dos partidos políticos.
- Non se ten evidenciado a concorrencia das circunstancias previstas nos apartados 3 e 4 do artigo 127 da LOREX

### **d) Proposta de subvención**

A proposta de subvención que formula o Consello de Contas para o PSdeG-PSOE ascende a 1.007.648,69 euros, debendo serlle descontada a cantidade de 262.319,19 euros percibida á conta do anticipo do 30% regulado no artigo 20 da lei 9/2015, polo que resulta un importe líquido a percibir de 745.329,50 euros.



## 5. TRÁMITE DE ALEGACIONES

De conformidade co disposto no artigo 58 do Regulamento de Réxime Interior del Consello de Contas de Galicia, os resultados da fiscalización realizada reflectidos no Anteproxecto de Informe de fiscalización das contabilidades electorais, foron notificados ás correspondentes formacións políticas o día 15 de decembro de 2020, concedéndolles un prazo de cinco días hábiles para que formularan las alegacións que tiveran por convenientes.

O día 18 de decembro de 2020 recibíronse escritos do PSdeG-PSOE e do PP nos que se indica que non efectúan alegacións ao Anteproxecto de Informe de fiscalización das contabilidades electorais. O 21 de decembro de 2020 recibíuse un escrito do BNG no que tamén manifestan non efectuar alegacións ao mesmo Anteproxecto de Informe de fiscalización.



### AL CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

Asunto: Trámite de alegaciones al Anteproyecto de informe de fiscalización de las contabilidades electorales. Elecciones al Parlamento de Galicia de 12 de julio de 2020

Procedimiento: FIS060201

ID del expediente: 1502020-03

José Luis Fernández Vilar, con DNI nº 10.867.976-Q, en calidad de Administrador General Electoral del Partido Popular de Galicia para las Elecciones Autonómicas 2020 al Parlamento de Galicia, y domicilio a efectos de notificaciones en Avda. Fernando Casas Novoa, edificio CNL, portal A bajo, 15707, Santiago de Compostela, con número de fax 981573260, e-mail: pontevedra@pp.es, y con número de teléfono 659692967, comparece y

DICE

Que de acuerdo con el plazo conferido de cinco días hábiles para efectuar alegaciones al Anteproyecto de informe de fiscalización de las contabilidades electorales, de las Elecciones al Parlamento de Galicia de 12 de julio de 2020, comunicamos al Consello de Contas de Galicia que el Partido Popular de Galicia no va a efectuar alegaciones a dicho Anteproyecto.

Y para que así conste a los efectos oportunos, firmo la presente comunicación, en Santiago de Compostela, a diecisiete de diciembre de dos mil veinte.

Fdo. José Luis Fernández Vilar  
Administrador General Electoral





Don Bieito Lobeira Domínguez, con documento de indentidade nº 52.494.012-P, con enderezo a efectos de notificacións en Santiago de Compostela, Avenida Rodríguez de Viguri, 16 – baixo (tel. 981555850), como Administrador Xeral do Bloque Nacionalista Galego (BNG), para as eleccións ao Parlamento de Galiza convocadas polo Decreto 72/2020, do 18 de maio, para o 12 de xullo de 2020

#### COMUNICO

Que recibido o anteproxecto de informe de fiscalización das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia do 12 de xullo de 2020 non vamos facer alegacións ao mesmo.

E para que conste aos efectos oportunos, asina o presente en Santiago a 21 de decembro de 2020.

Asdo.: Bieito Loberia Domínguez.



## Informe de fiscalización das contabilidades electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia 2020



Consello de Contas de Galicia  
Sr. Conselleiro Maior  
Domingo Fontán, 7  
15771 Santiago de Compostela

De: Administrador Xeral do PSdeG-PSOE  
Para: Conselleiro Maior Consello de Contas de Galicia  
Asunto: Trámite alegacións informe fiscalización contabilidade eleccións autonómicas 2020

LUIS ÁNGEL LAGO LAGE, con DNI 50.685.587-G, administrador Xeral do PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE) no proceso electoral convocado polo Decreto 72/2020 do 18 de maio, da Presidencia da Xunta de Galicia, en consonancia co escrito do 15 de decembro de 2020, do Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia, relativa ó trámite de alegación ao anteproxecto de informe de fiscalización de regularidade das contabilidades electorais das eleccións ao Parlamento de Galicia de 12 de xullo de 2020.

**COMUNICA** ó Consello de Contas de Galicia que o Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) non vai efectuar alegacións ó anteproxecto de informe de fiscalización de regularidade da contabilidade electoral correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia, celebradas o día 12 de xullo de 2020, que nos foi remitido na data sinalada.

E para que así conste ós efectos oportunos, asina a presente comunicación en Santiago de Compostela o dezanete de decembro de dous mil vinte.

Rúa do Pino 1-9, baixos  
15704-Santiago de Compostela  
A Coruña  
Teléfono: 981552030







**María Luisa Cardesín Díaz, secretaria xeral do Consello de Contas de Galicia,**

Certifica:

Que o Pleno do Consello de Contas na súa sesión do día 28 de decembro de 2020 aprobou Informe de fiscalización das contabilidades electorais. Eleccións ao Parlamento de Galicia 2020.

E para que conste expido a presente certificación co visto e prace do conselleiro maior en Santiago de Compostela a data da firma electrónica.

V y pr

O conselleiro maior

José A. Redondo López

CSV : BOPGDSPGNGNLdS8jCU6  
VERIFICACIÓN: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/consellos/verificacion>

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ | FECHA : 28/12/2020 12:04 | Sin acción específica

FIRMANTE(2) : JOSE ANTONIO REDONDO LOPEZ | FECHA : 29/12/2020 08:11 | Sin acción específica





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

